

POESÍA COMPLETA

Manuel Rodríguez López
POESÍA COMPLETA

EDICIÓN E LIMIAR
Darío Xohán Cabana

ESPIRAL MAIOR
2009

ESPIRAL MAIOR *Alba Longa*

Dirección literaria MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO

Colaboran na edición deste libro:

Concello de Paradela

Deputación Provincial de Lugo – Vicepresidencia 1ª

Xunta de Galicia

Ilustración da cuberta:

Deseño da colección: MAM Deseño

Maquetación: Amparo Manteiga

Reservados todos os dereitos de reprodución:

nin a totalidade nin parte deste libro

poden reproducirse ou transmitirse por ningún

procedemento electrónico, mecánico ou fotográfico

sen permiso escrito da editorial.

© Herdeiros de Manuel Rodríguez López

© Edicións Espiral Maior, S. L.

EDICIÓNES ESPIRAL MAIOR, S. L.

Rúa da Democracia, 10 (Urbanización Mansosol)

15174– Rutis – Culleredo (A Coruña)

Apartado de Correos 192 – 15080 A Coruña

Teléfono: 881 96 25 27/ Fax: 881 96 25 24

Correo electrónico: edicions@espiralmaior.com

I. S. B. N.: 978-84-92646-30-2

Depósito Legal: C-

CULLEREDO – A CORUÑA – GALICIA – 2009

LIMIAR

Alá van case vinte anos que o Manolo Rodríguez xa non é con nós, e hai que poñer unhas palabras á fronte deste libro que recolle, por fin, a suma dos seus versos. O seu fillo Santiago mándamo facer; e eu obedezo dando as grazas, porque o Manolo e mais eu camiñamos de par a par polos camiños da poesía desde os nosos principios publicados, aló polo setenta. Así o viu Méndez Ferrín, e así o deixou escrito en *De Pondal a Novoneyra*:

Xunto con escritores máis novos –entre os que destaca Darío Xohán Cabana (...), MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ é un dos poetas galegos modernos do suburbio e da fábrica, neste sentido innovadores. O sarcasmo, a agresión satírica, non é meramente ideolóxica ou doutrinaria: a silicose, a vellez e ruína do traballador, o obreiro servil e entregue ó patrón, os mariñeiros afogados; en suma, homes e situacións concretas protagonizan o verso deste autor, que en ningún intre permite que estea ausente o enemigo de clase.

Segundo algúns dirían, Manuel Rodríguez foi un poeta autodidacta. Certamente: a poesía non se aprende por leccións en aulas, senón remoendo os poetas do pasado e mallando na ingre o propio verso; e neste senso todos os poetas se ensinan a si mesmos e son en consecuencia auto-didactas. Pero o Manuel partía unha firme bagaxe cultural. En primeiro lugar, contaba cos estudos de latín e humanidades que cursou na súa infancia e adolescencia de seminarista. En Cataluña, desde moi noviño, trabou coñecemento íntimo coa lingua e a cultura catalá, que falaba e escribía con grande competencia. E o seu coñecemento da tradición literaria galega foi axiña moi fondo e moi extenso, con lecturas que agora xa case non se fan, dos clásicos maiores, mais tamén dos menores.

A vontade poética de Manuel Rodríguez non foi xamais innovadora. O seu eran os metros tradicionais, e entre os seus modelos encóntranse principalmente Curros, Rosalía e Cabanillas. Incluso Celso Emilio, tan influente na xeira poética dos anos sesenta e setenta, non aparece nidio no seu verso. Manuel tiña unha vontade moito máis formalista, que o levaba a practicar principalmente métricas clásicas, e polo regular rimadas: non só o soneto, senón tamén as polimetrías de estirpe rexurdimentista e os metros de prosapia grega e latina. No libro *Poemas populares galegos* temos a lenda d'*O criado namorado*, que

se insire claramente no ronsel d'A *Virxe de Cristal*, pero que incorpora ó arsenal máis tradicional entre nosoutros as clásicas estanzas compostas de tres hendecasílabos sáficos e un pentasílabo adónico.

Ora ben, os *Poemas populares galegos*, aínda que están xa cheos de acertos expresivos, son un libro de aprendizaxe; e coma todos os libros de aprendizaxe, contén máis ecos ca voz propia. O poeta tentea, experimenta, afínase nos mestres e explora o verso buscando o seu rexistro; é case coma o músico que afina un instrumento.

É en *Saudade no bulleiro* onde Manuel Rodríguez se revela, publicamente e en libro, como o poeta que di Ferrín; e é na *Soldada mínima*, que por imperativo censorio non se publicou no seu día, onde o poeta obreiro está cumprido. Poesía obreira desde dentro da clase, nostalxia irremediable da orixe campesiña, e, sempre, a conciencia nacional, informan estes libros ásporos e conmovedores, cheos de noxo e ira, con moitos poemas que estremecen pola súa radical autenticidade. Son poemas escritos desde o interior das cousas, desde a crueza das relacións de subordinación e explotación, desde a monotonía e da fatiga, desde a conciencia e a experiencia dolorosa da alienación do traballo. Por iso nos conmoven tanto, porque non son poemas de solidariedade desde fóra, senón solidariedade de clase e de sufrimento desde dentro.

E finalmente, o cuarto libro, póstumo, *Onte e hoxe vivencial*, que tiveron o honor de prologar. O prólogo –coma os dos outros libros– subsiste nesta edición, e escúsame así de repetir o que daquela dixen. Volto de Barcelona, polas rúas de Lugo, Manuel Rodríguez xa non é exactamente un poeta obreiro –aínda que o siga tamén sendo–, senón un home maduro e un pouco canso que volve á terra natal, que mora na cidade capital da súa tribo e que reflexiona e fantasía ollando as pedras e as historias do pasado, e nas cousas da fe cristiá que sempre levou dentro. Moi Cabanillas, si. Agora máis Cabanillas ca Curros. Neste libro derradeiro, tan culturalista, Manuel deixounos en herdanza algúns dos seus mellores versos.

E péchase o volume que tes nas mans, lector, con varios poemas de diversas épocas, premiados en certames e inéditos, ou publicados en lugares de difícil acceso. Eles completan a imaxe de Manuel Rodríguez, que agora se fixa, coma quen di, para a historia e a substancia da literatura galega.

Que ha dicir o futuro? Iso non o sabemos, e a Manuel non lle importa xa. El construíu amorosamente unha obra poética que agora temos reunida neste volume. Esta foi a súa principal contribución ó edificio que andamos a facer desde que Rosalía puxo a primeira gran pedra da Literatura galega moderna. Pero non foi a única: deixounos tamén centos de páxinas de prosa, e unha coidada e fina tradución en verso de *L'Atlántida* de Verdaguer, o gran poema da Cataluña que Manuel tanto amou, e na que viviu a maior parte da súa vida. Nesto de traducir fomos tamén colegas nós os dous, e sectarios da mesma escola, que é a de dar verso por verso.

Mentres nos dure o alento, algúns conmoverémonos co canto de Manuel Rodríguez, poeta de puro corazón que amou as palabras da súa tribo e a condición obreira que brilla no seu verso canda a saudade inmensa que o habitou durante tantos anos de desterro. Os seus ósos repousan na terra natal de Paradela; a súa herdanza viva está no libro que tes nas mans, lector.

NOTA SOBRE ESTA EDICIÓN

Esta non é nin quere ser unha edición crítica, senón unha edición que se desexa popular. É moi probable que se Manuel Rodríguez López vivira e recollese toda a súa obra nun volume modifícase algunhas formas lingüísticas dos primeiros libros, para axetalos completamente ás normas ortográficas e morfolóxicas agora en vigor, que el seguiu disciplinadamente desde que a Academia Galega as decretou. Pero os que coidan esta edición prefiren non facelo por si mesmos, pois en bastantes casos iso implicaría desfigurar ou modificar versos na rima ou na medida, agás que se modifícase tamén a redacción para evitalo, o cal parece inadmisibile. Por outra banda, a historia da nosa lingua literaria, tan traballosamente construída, non debe ser ocultada.

Polo tanto, os versos seguen figurando aquí tal e como foron escritos polo autor, respectando o xogo variantístico e o dialectalismo, e corrixindo só o que non afecta a súa substancia: a ortografía, algunha errata que pareceu evidente, ou mesmo –pero non sistematicamente– algún que outro castelanismo ou hipe-renxebrismo cuxa substitución non afecta a textura do verso e parece autorizada pola propia obra máis ou menos contemporánea do poeta.

A intervención é un pouco máis rigorosa –en canto á morfoloxía– no libro póstumo *Onte e hoxe vivencial*, pois estamos seguros de que o autor estivese vivo en 1995, ano en que se publicou, non permitiría que saíse sen axeitalo de todo ás normas daquela vixentes, das que, por outra banda, se desviaba pouco.

O que non modificamos nunca son certos trazos moi propios do idiolecto do autor, como os intencionados latinismos e os catalanismos por contaminación. Algunhas palabras difíciles de entender pola súa rareza son explicadas –ou simplemente sinaladas cando non as sabemos interpretar– a pé de páxina.

Os libros individuais de poesía de Manuel Rodríguez López son os seguintes, por orde de publicación:

–*Poemas populares galegos*, Edicións Celta, Lugo, 1968.

–*Saudade no bulleiro*, Edicións Celta, Lugo, 1970.

–*Soldada mínima*, Edicións do Castro, A Coruña, 1979.

–*Onte e hoxe vivencial*, Edicións do Castro, A Coruña, 1995 (póstumo).

Mais nesta recolleita estimamos conveniente ordenar os libros non segundo a data de edición senón segundo foron rematados de escribir e preparados para a imprenta. Parece que *Soldada mínima* foi rematado antes de *Saudade no bulleiro*, e de feito tería sido publicado en 1969, segundo as xestións que fixo o seu autor, se non fose pola amable preocupación da Dirección Xeral de Cultura Popular, a través da hipocritamente chamada «consulta previa», que considerou desaconsellable a súa publicación.

Ante esa prohibición, o poeta preparou a edición do libro *Saudade no bulleiro*, no cal incluíu cinco poemas procedentes de *Soldada mínima* que non foran expresamente «desaconsellados» pola censura. Ora ben, cando en 1979 puido publicar *Soldada mínima* reintegrounos neste libro, que en tanto tempo de espera talvez sufrise algunha modificación a respecto do orixinal de 1969, mais desde logo non moi importante.

Así pois, agora eses cinco poemas aparecen só en *Soldada mínima*. Son eles os que comezan cos versos *Asegún lle pediches, Eras fume somentes, Pra que vou a cantar do burgués?, Vestida de aldraxe e mouras cubizas e Trinta longuísimos anos.*

POEMAS POPULARES GALEGOS

Manuel Rodríguez López naceu en San Miguel de Paradelas-Sarria (Lugo) o día once do mes de Nadal de 1934. Ós seis anos foise cos pais pra Barcelona onde estudou humanidades e filosofía no Seminario. Deixou os estudos pra se adicar ó traballo administrativo.

Dende novo foron saíndo da súa pluma os poemas que agora aparecen en EDITORIAL CELTA.

Ten preparada unha obra teatral encol do problema social dos encoros en Galicia e que pronto chegará ó lector.

Iste primeiro libro de Manuel Rodríguez López é un libro feito dende ó pobo. Non quere ser un libro de VANGUARDIA, cheo de extravagancias na forma e de fondo deshumanizado. Arreponse a tódolos ismos e a tódolos manifestos contrarios á cultura tradicional.

O autor entende por poesía a expresión da beleza mediante a palabra e valeuse do verso, coas súas leis, como vieiro recto no que a linguaxe atopa a musicalidade e a cadencia, no que ecoan os sons dun modo regular e medido.

Manuel Rodríguez López non escribiu pra un grupo. O dadaísmo, o ultraísmo, o creacionismo, o surrealismo, o postismo, o existencialismo, non fixeron mella no pobo. A poesía non é un tratado de psicoloxía, de socioloxía ou de metafísica. Il canta con verbas intelixibles, con xiros naturais, os sentimentos amorosos, as sátiras agudas, as tradicións, as mágoas, os intres ledos, a Saudade do emigrante que arela tornar ó seu pobo.

POEMAS POPULARES GALEGOS ten catro partes. A primeira é un longo poema escrito ós dezasete anos no que abundan os romances: *A lúa e as estrelas/ ollaban docemente/ ós dous namoradiños/ dende os eidos celestes*. Nise mesmo poema aparece nidio o ritmo do anapesto: *Paroleiro regato que esvaras/ entre soes de liras e cantos/ date conta que morres máis cedo/ canto máis alixeiras teu paso*. O hendecasilabo fai boas migas co pentasilabo na estrofa sáfica: *Engaiolada no fidalgo pazo/ triste a pombiña de brancas azas/ pasaba os días derramando bágoas/ chora que chora*. E o poema colle folgos de arte maior: *Nos seus brazos de ferro, abafante, trabado/ loitaba envolto en sudor o endebrado Millerado*.

A segunda parte, sempre con gran variedade de verso, igual canta o amor con algo de ironía: *Eu ouzo dende lonxe/ envolteito en saudades/ maldicindo do día/ que ti me namoraches*. Como canta o amor do meniño orfo: *Cediño moi cedo/ na cara bicouna/ pero a nai calada/ non daba resposta*. O corvo agoira a emigración: *Camiño doutras terras/ a voar... a voar...* O emigrado degora a súa terra: *E come pan estranxeiro/ porque na patria llo negan*. O autor

é un emigrante: *Alonxado das túas ribeiras/ os teus soutos, devesas e prados/ polo mundo magoado camiño/ dende os tenros, inxeles seis anos.* As inxustizas son pisoteadas e dos turistas novos ricos di: *Que dan cartos pró crego/ e mais práns ánimas/ sen lembrarse dos probes/ que, soios, bágoan.* Canta escenas labregas: *A terra abríase farta/ ó tenro bico do arado/ ...O alambique choraba de cabezas/ ...ó cabo dun tempo/ xa a malla acabaron/e empezan as burlas/ contiños e cantos.*

A terceira parte son catorce sonetos adicados a Galicia: Paradelá. *Estarei lonxe pro.. esquecerte, ¡NUNCA!/ Patria dos meus antergos ¡PARADELA!* A Cruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Tuy, Vigo, Mondoñedo, Monforte, Betanzos, Ferrol e Catalunya, *Adiantada de España, acollidora/ do emigrante que ás portas súas berra.*

A derradeira parte é o froito de longas conversas cos homes e as donas das aldeas luguesas perante as vacacións no mes das mallas e, logo dempois, de novo en Barcelona, o resume de longas horas de cavilacións encol dos problemas vividos polo autor nas bisbarras galegas e no seu contacto cos galegos da Cidade Condal e os familiares e coñecidos, que, de paso pró estranxeiro, decontino, fan un alto na súa casa barcelonesa.

Escomenza cun recordo pró tío que morreu por culpa dunha guerra fratricida: *Porque te arrepoñías ós caciques/ porque adiantar querías de Galicia/ o mañá que inda tarda.* Ten unha lembranza pró meniño que ferido, a carón da nai/ perdeu o pai na guerra do Vietnam namentras: os nenos do mundo enteiro/ brincan, xogan, berran, rin/ e chapuzan no trolleiro. O castrapo que se fala nas vilas faille dicir ó seu neno: *Son señoras da vila/ falan bruando...*, e aconsella ó fillo: *pro enxamais renegues/ do idioma patrio.* Viviu o autor os problemas do agro e por iso di: *Eu comprendo que xure o labrego/ e maldiga o malfado que o roe.* E porque viu avoas coidando os meniños dos fillos emigrados e as terras abandonadas, deixadas a monte, láíase magoado: *Porque medran na patria somente-las carqueixas,* e pídelles á muller galega que, cal nova Rosalía: *Arrenea ben forte!/ rompe, rompe as cadeas!*

Coidamos que este libriño será todo un éxito popular.

XANIÑO,
coidas de minorías o meu canto,
que comprenden moi poucos
a linguaxe que eu falo.

Millor sería,
dis, que escribira ó xeito castellano
pra que me leran
os nosos e os estraños.

Te-la túa razón:
ólla-las cousas desde oposto plano,
tes moi bos sentimentos,
queres verme coroado
co trunfo
e por miles de beizos declamado.

Non percuro iso. Pódocho xurar.

Quen me deu folgos –como doe contalo–
pra escribir, non foi, non, a fácil goria:
Foi a emigración que mágoa* tanto,
a dor do noso pobo
de aldraxes farto.

Non teimei escribir pró señorito
nin pró rendista ni’o señor fidalgo
envolveito en amores,
con forte lume e bo xantar nos pazos.

Escribín, cheo de amor, prás nosas xentes
que, á forza, camiñaron
deica lonxanas, estranxeiras terras,
en percuro de pan e traballo,
fóra dos pais e dos fillos,
nos corazóns sangrando.

* É característica da lingua de MRL a conxugación dos verbos *magoar* e *bagoar* con acento no radical, *mágoan*, en vez do común *magoa*.

Escribín pró labrego que inda ESPERA,
revolvendo terróns co vello arado,
a traballar de lusco a fusco, sempre...
pra comer sen compango.

Escribín na linguaxe adeprendida
xunto á lareira, de ña nai nos brazos.

Escribín, tal cal penso,
pra contarche millor o noso pranto.

Barcelona, 1968

I
O CRIADO NAMORADO

Á miña avoa Dona Conceución López.

UNHA NOITE DE LUAR
cando as estrelas, ceibes,
bailaban a muiñeira
no ceo refulxente,
parrafeaban dous noivos
de vagar... baixamentes.

Era o mociño, novo,
vivo como unha lebre,
e a rapaza fermosa
como as perlas de Ourense.

Xúnto-los rapaciños
parolaban alegres,
collidos das mauciñas,
arrolados no berce
da fresquiña ribeira
naquil mes de setembro.

A lúa e as estrelas
ollaban docemente
ós dous namoradiños
dende os eidos celestes.

Os grilos cantareiros,
na escuridá, solemnes,
peneiraban prós mozos
cantiguiñas de meles.

Os ronquiños de luz
espallaban, namentres,
feixiños luminosos
naquil pazo de reises.

Soio un río pequeno,
que corría coa febre
de bicar outros chaos,
ía sen lle dar mentes.

E o rapaz namorado,
de abriles dezasete,
falou desta maneira
ó líquido corrente:

* * *

«Paroleiro regato, que esvaras
entre soes de liras e cantos,
dáte conta que morres máis cedo
canto máis alixeiras teu paso.

Xunto a min unha nena belida,
que dá envexa ás froiñas de maio
espalladas con xeito e donaire
polas verdes namelas* e prados,
quere ollarse nas túas auguiñas
pra amosarche seus puros encantos.

Nunca corpo de nena fitaches
tan garrido e tan ben acabado.

Son ridores seus ollos mouríños,
seu cabelo é dun mouro castaño,
as meixelas morenas e roxas,
o corpiño ben feito e delgado,
os seus beizos recenden perfume,
os seus muslos grosiños e mainos,
súa voz cantareira e galega
máis semella de doce paxaro.

Onte o sol maxestoso ó mirala,
tan vizosa, despida no lago,
dende o ceo atisbándoa quedou,
de divino feitizo arroubado.

Os paxaros ó vela pasar,
con celmosos chirleos e cantos

* *Namela* é metátese plenamente lexicalizada de *lamela*, e vale por «prado pequeno». É forma tamén usada por Lorenzo Varela.

á meniña afalagan mimosos
dende as ponlas dos vellos carballos.

Bolboretas douradas rebrincan
e cantigas esfollan os fados
ó pasar a meniña morena
de corpiño ben feito e delgado.

Soio ti, corriqueiro, camiñas
sen saber que te agarda o oceano
pra enterrarte no fondo sen fin
do seu colo pecheiro* e salgado.»

* * *

A garrida rapaza,
roxa como as cireixas,
escoitou ó mociño
en amores acesa.

Os seus mouros olliños,
faiscantes muxecas**,
choutaban saltareiros
naquela noite leda.

As horiñas trotaron
como a besta lixeira
sen que os dous raparigos
tiveran moita présa.

Xa cantaban os galos
e se erguían as vellas
cando, trasnoitadores,
pasada a noite en vela,
metíanse nos leitos
pra non botar sospeitas.

* Ignoramos o senso deste adxectivo *pecheiro*, que parece inventado. Talvez estea en relación ideal con *pecho* no senso de escuro ou cerrado, coma noite ou brétema pecha.

** O sentido de *muxecas* é claro, pero parece un cruzamento entre as formas *moxena* e *muxica*.

Un anaco dempois
a velliña caseira
chamaba polo mozo
pra encetar a faena
e os dous namoradiños
ouviron á Tereixa:

«Sempronio, xa son horas!
Andiveches de festa?
Vaites vai! non dormiches?
Arriba! Érguete á présa!»

* * *

Un abrente de inverno
chegaba á catedral
da cidá amurallada
o mociño a pregar
á Virxe milagreira
doído de saudás.

A dos Olliños Grandes,
con garimoso ollar,
fitou ó Semproniano,
bo labrego, lanzal.

Levaba unha moiniña*
e un caxato na mao,
a roupiña pingando
e na conciencia a paz.

Ollou á Miragreira,
de xoellos no chao
e coas mauciñas xuntas
comenzou a pregar:

* * *

* Non achamos palabra galega que lle dea un sentido posible a *moiniña*; o único que se axeita é considerala catalanismo, adaptación en diminutivo de *almoína*, esmola.

«Maiciña miña dos Olliños Grandes,
que escoitas as pregarías dos galegos.
Non é prá ialma o rogo que che fago,
Virxe de Lugo.

Mais é pró corpo, tolo pola nena
que coa mirada garimosa e doce
quedou prisada* na gaiola de ouro
do meu espírito.

Cheira a frores de maio o seu corpiño,
os seus beizos recenden doce mel,
como os teus, seus olliños son, María,
mouros e grandes.

O bon destino deulle bés da terra
facéndoa filla dos fidalgos nobres
da renomada caste dos Andrade
en Paradela.

Sempre a fartura remexeu no pazo,
sempre a ledicia nil achou posada
e por tódolos chaos cantou a lenda
gorrias de Andrade.

Do traballo en percuro e de mantenza,
petei na porta daquil pazo un día;
fun acollido con pracer dos nobres
como un amigo.

Dende pequeno traballei contento,
indo coas vacas e collendo nabos,
arando leiras, gadañando a herba
dos meus señores.

Cando ía ó leite, do traballo canso
dempois dun día de laboura dura,

* O senso é claro: quedou presa; pero a palabra *prisada* non parece existir nesa significación en galego –si no de saia *prisada*, con certo tipo de dobras ornamentais, coma en catalán.

baixaba un anxo pra contarme lendas
de cabaleiros.

No vrao, un día que esquecer non poido,
de amor ferido lle pedín á Lola,
filla belida dos fidalgos nobres,
seu corazón.

Os paxariños rebrincaban ledos
e as rebuldeiras bolboretas brancas
remuiñaban nas raiolas de ouro
do ardente sol.

Un rigueiriño, que corría maino,
bicaba as follas, a chorar, tristesiras
ó verse soias, zarandeadas, secas,
ó seu capricho.

As nosas almas, bébedas de amor,
falaron cousas que a espricar n'acerto
ficando as dúas vencelladas sempre
dende aquel día.

Nos seus olliños atopei consolo,
no seu corazón tiña o meu acougo,
no seu peitiño, que espallaba mel,
tiña o meu leito.

Nunca na vida namorados houbo
que se quixeran con garimo tal,
como a Loliña dos fidalgos nobres
e iste teu fillo.

Deixa que logo, Milagreira Virxe,
che conte a estoria das tristuras miñas,
que emprinciaron cos traidores ciúmes
do Millerados.

Un certo día foi pedir a mao
á nobre rula. Prometeulle traxes
e montós de ouro. Prometeulle sedas
perlas e prata;

pero vivacha* lle escapou, ousada,
como a lebríña fuxe ó cazador
correndo ó tobo pra burlar o tiro
mortal de fixo.

Liscou o mozo pola corga abaixo,
camiño reuto cara á súa casa,
na tola testa debullando nomes
doutros rapaces.

Quen lle furtara o corazón de Lola?
Tal vez sería do maestro o fillo,
siascaso quizais fora o Nicanor,
o Señorito.

Desta maneira, a matinar quen fora,
chamou polo pai, vello entrado en anos,
pero lixeiro como un rapaciño
e moi vivacho.

Ouvido o caso do desprecio feito
pola rapaza ó seu querido fillo,
cismou o vello parolar no pazo
co pai da moza.

Na noite pecha o Millerados vello,
marchou á casa dos fidalgos nobres,
a súa cara arrabuñada e roxa
polo abafallo.

A lúa chea, arrodeada de ouro,
alumeaba con gudedellas níveas
o vello pazo que dormía un sono
de santa paz.

Os pais da Lola parolaban soios
cando sentiron ó señor Farruco
con voz roucona no portal chamando
polo fidalgo.

* Deformación do castelán *vivaracha*, que axiña repetirá en masculino.

De alí a pouquiño, na cociña os tres
falaban baixo por amor da xente
que xa vagaba no primeiro sono
da media noite.

Ben ves, Manoel, dixo o pai do mozo,
que vai ser tempo de casa-la filla,
se ben te lembrás, propuxeches un día
co meu casala.

De bois tres xuntas e outras trinta vacas
teño nas cortes, de farteira cheos;
unha docena de cebados porcos
no cubil dormen.

Poucas parolas foron menester
pra decidiren convencer á Lola
de se casar co Santiago, herdeiro
do Millerados.

Os dous fidalgos nobres e velliños
a noite aquela viron entre soños
grande festa; na igrexa a súa filla
xunto ó Santiago.

De longo traxe branco regalada,
o crego a benzoar a sagra unión,
cheiraba a frores e a madeiras ricas
de Palestina.

Pero os seus soños, como a nube branca,
o vento esfarelounos moi axiña,
cando ó outro día a Lola querer xura
outro rapaz.

Os pais, bagüentos*, dende entón cismaron
encerrar á pequena se non daba
a súa verba ó Santiago, herdeiro
de longas terras.

* No orixinal, *vagüentos*, que con *v* non fai moito senso; imaxinamos que é *bagoentos*, chorosos.

Moitos consellos acadou a nena
dos seus parentes e dos seus padriños,
que a aconsellaban de casar co mozo
do Millerados.

Pero a farteira que agromaba ceibe
nos vilariños e nos verdes prados,
nas devesas e soutos do morgado,
non a chamaban.

Engaiolada no fidalgo pazo,
triste a pombiña de branquiñas azas,
pasaba os días derramando bágoas
chora que chora.

Os longos agros amosaban ledos,
a madurar, os froitos inda verdes,
e a coitadiña, na prisión pechada,
chora que chora.

Chegaba a noite. Dende o ceo ollaba
Diana tristeira, de cabelos albos,
e a miña rula parolaba co'ela
chora que chora.

Na noite crara, cantareiros grilos
erguían ledos seu cantar tristeiro,
a miña Lola cos ollíños rubios
chora que chora.

Tornaban días, somaniñas, meses
e a princesiña, do seu pazo escrava,
pasaba as horas do xiado inverno
chora que chora.

Os nobres vellos, con parolas meigas,
de novo á filla convencer porfían
pró seu casorio co rapaz morgado
no San Xoán.

Pronto lembraron o casal de Francos
que o pretendente, fillo do Farruco,
tiña arraxado pra casar con ela
con grande festa.

Lembraron leiras, prados e devesas,
lembraron vacas, xuntas e criados,
lembraron terras, títulos e nomes
do pretendente.

Virxe María dos Olliños Grandes,
pedirvos veño protección e axuda.
Dádeme a Lola que por min, coitada,
chora cautiva.

Non teño prata nin tampouco terras.
Non teño nomes nin carreiras outas;
pero na vida me fallou, ouh Virxe,
honra e nobreza.

Ela, ña xoia, deume o seu amor
como ningunha rapaciña nada
llo dera nunca na esquecida estoria
a outro rapaz.

Moito sufriu dos seus nemigos presa
a muller pura do heroe de Troia;
pero a Lola, no pazo seu pechada,
padece máis.

Seus mouros ollos, de bagullas cheos,
queren ollarse no rapaz que entrara
pra ser criado no fidalgo lar
dos vellos nobres.

Non primitades, Milagreira Virxe,
que de Andrade a cautiva, esconsolada,
verta máis bágoas, polo seu amor
sempre a chorar.

Sen a pombiña que por min salaia,
de amor ferido, morrerei, ouh triste,
lonxe do pazo, pola dor guindando
á fría tumba.»

* * *

Ó caíren as tebras
saíu da catedral,
co sorriso nos beizos
o garrido rapaz.

No seu corazonciño,
branco como un cristal
alumaba unha estrela,
vana esperanza quizais.

* * *

Co machado na mao, na mirada a tristura,
rubía o Semproniano pola corga da Axuda.
Camiñaba prá Croa, nomeada do Toural,
pra dos piñeiros vellos unhas ponlas guindar.

No horizonte, acendido como unha laranxiña,
queimábase o fulxente sol, que ledó nacía.
As raiolas de lume, inda novas, sen forzas,
bicaban as namelas e xogaban coas rosas.

Unha nube mouríña cabalgaba no ceo,
azuado como a iauga, craro como un espello.
A brisa garimosa remexía nos pinos,
que se erguían lanzais, polo orballo roscidos*.
Os paxaros xogaban mergurados** na luz,
brincando garuleiros, na inmensa comba azul.
O lonxano renxer do carro cantareiro
recreaba os ouvidos co seu vedraio berro
e dos lonxanos montes chegaba un alalá,

* Latinismo puro: *roscidus*, orballado.

** Por *mergullados*; ocorre dúas veces, pero talvez sexa erro, pois non achamos esta forma en dicionarios.

enxebre, melancónico, saudoso cantar.
Margaridas branquiñas, sementadas no chao,
bicaban os peños do tristeiro rapaz
que ó chegar a Randulfe, na revolta da igrexa,
achou ó Millerados sentado nunha pedra.

Os seus ollos, acesos, ollaban con carraxe
ó criado namorado da filla dos Andrade.
E dos pérfidos beizos afroraron con sorna,
refalseadas, firentes, istas mouras parolas:

* * *

«Ola, meu farrapento,
como vai o namoro?»

Dixéronme os veciños
que vas casarte pronto.
Seica tes preparado
un carromato de ouro
pra levar a muller
ó crego don Xacobo.

Non sei se no camiño,
ó pasar xunto ó souto,
perderás os farrapos
probes que levas posto.

Non debe un disgraciado
como eres ti, mecoso,
chalarse pola filla
dun nome* inmorredoiro.

Mal pagan ós seus donos
os miserables mozos.
Mal ós seus servidores
os carniceros lobos.

* Mantemos o insólito castelanismo, que semella estilístico, pois noutros versos deste mesmo poema aparece a forma enxebre *nome*.

Tamén ti, traidor,
enlixáche-los donos
e eu, pra vingalos, xuro
arrincarche os miolos.»

* * *

De falar n' acabara o cínico Santiago
que valente, alancou sobre il o Semproniano.
Loitaron os nemigos con carraxe febrenta,
cerrándose entre os brazos nunha dorosa aperta.
O criado namorado, máis baril e lanzal,
domeábao a pracer e guindouno no chao.
Nos seus brazos de ferro, abafante, trabado,
loitaba, envolto en sudes, o endebre Millerados
e os seus beizos noxentos, cheos de sangue xuraban
contra Deus e os seus santos, enlamadas parabras*.

Loitaron moito tempo e deuse por vencido
o fillo do Farruco; pero... ouh traidor maldito!,
en canto o Semproniano a vítima ceibou,
de vereda o Santiago o machado agarrou,
ergueuno en outo e viuse un lóstrego no ceo
e ruxindo fincoullo ó coitado no peito.

A natura furenta** do falseiro delito
ergueuse xenreirada contra o traidor malino.
As nubes cabalgaron o craro firmamento
pra denunciar o crime polo Santiago feito.
O trono retumbou estridente á porfía
e os lóstregos raxaron a moura comba infinda.
A terra avergonzada de soster ó morgado,
abría grandes lañas, pra nelas merguralo.

As roxas amapoulas, ó ver o criminal,
perderon o cheirume e deron en murchar.

* A forma *parabra* pode ser arcaísmo, pero máis probablemente deformación etimoloxista propiciada polo catalán *paraula*.

** Está rexistrado, en galego e portugués, o latinismo *furente*, delirante, «que está fóra de si», relacionado con *furor*.

Os gigantes piñeiros, con doridos queixumes,
choraron ó rapaz cos regueiros e as nubes.

Co machado no peito, o namorado probe
falou desta maneira con delirantes voces:

«Deus che perdoe o delito
que fixeches, criminal;
pero que un raio te parta
antes que a Lola luxar.»

* * *

Os velliños fidalgos,
a carón da figueira,
falaban baixamente
do caso da parella.

Estaban maldicindo
do día que acolleran
o mozo farrapento
amante da pequena.

Pensaban no Santiago,
dono de tanta terra,
que a rapaza fidalga
de dita encher poidera.

* * *

Aló polo vieiro,
que raxa toda a veiga,
viron chegar uns homes
cun... Deus do ceo! Que era?

Que tivera o Sempronio
que fora talar leña?
Un esmaio? Un ataque?
Feriuse coa macheta?

No seu peito amosaba
unha roxa fendecha.

Os seus ollos pechados,
sen coor as meixelas.
Os cabelos desfeitos,
no sembrante a tristeza.
A faciana branquiña,
como cirios de igrexa.

Pronto chegaron vellos,
homes, mozos e nenas,
todos alporizados,
brancos coma caleiras.

Percurano o Xuez
e Don Xacobo Leira,
pra que viran o morto
e estudiaran a fenda.

O señor Xuez dixo,
con treboante verba,
que o probe namorado
da belida pequena,
fora ouxeto dun crime
quizais debido á envexa.

* * *

As mulleres ceibaron
un berro, alporizadas.
As velliñas levaron
as mouras maos á cara.
As mociñas, vermellas,
foron restando* brancas.
Os pequenos meniños
non botaban palabra
e os vellos do lugar,
pegados á caiada,
lembraron con voz rouca
outras mores disgracias.
Pouco tempo dimpois

* Catalanismo semántico: *restar* en catalán é o mesmo ca quedar, ficar.

choutou de fala en fala
que o crime quizais fora
do Santiago a vinganza,
pois facía ben tempo
que o seu pai o buscaba
sen que en ningún lugar
o seu fillo atopara.

Pola corga da veiga
apareceu o Barxa,
que chegaba correndo,
branquiño como a prata.

Case que sen alento,
perdida toda a calma,
falou desta maneira
á xente que o escoitaba.

* * *

«Fai pouco achei o Santiago
esgaxado* en dous o peito;
eiquí encontro o Semproniano,
durmindo nun sono eterno.

Medosas vellas e donas,
valentes homes e vellos,
acabo de ver xa morto,
furado por un coitelo,
o fillo do Millerados,
pouco fai nomado herdeiro.

Nun charco de sangue roxo,
atisbando cara ó ceo,
estaba o disgraciado
cos ollos entreabertos.

A seu carón atopei,

* O verbo *esgazar* aparece varias veces nesta forma en MRL, talvez por contaminación co castelán *desgajar*.

escrito polo seu dedo,
iste papel, que collín
e que agora vou a lervos.»

* * *

«Meu paiciño querido,
cando vexas a carta
escrita co meu sangue,
pensa que a miña ialma
está ardendo no inferno
por culpa dunha falta
que achar perdón non pode,
pois pra tomar vinganza
do criado namorado
da fidalga rapaza,
fendinlle o corazón
con traidora saña.

Deixa que os corvos roan
o corpo que con maña
soupo matar un home
sen doerse das entrañas.

Enterrai os meus ósos
lonxe da terra sagra,
sen responsos nin cruces,
sen choros e sen bágoas.

E que o meu nome infame
corra de fala en fala
soio pra maldición
de mozos e rapazas.»

* * *

Indulxente leutor
desta esquecida estoria,
de certo que xamais
escoitaches tal cousa
e coidarás, talvez,
que agromou na memoria

dun poeta soñador,
mais ou menos ditosa.

Pertiño de Randulfe,
nunha vella casoupa,
vivía a Carballeira,
tamén chamada a Fona.

Era a coitada a risa
dos mozos e das mozas
e motivo de burlas
dez légoas á redonda.

Comía o que lle daban
os veciños de esmola.
Vestía de farrapos,
ía sempre aldraxosa*.

Un día, polo outono,
pasei perto da chouza
da probe da velliña
e berroume que fora,
que tiña unhos melindres
que sabían a groria.

Eu era moi cativo
e pirriábanme as roscas
e dubidei un intre
de tan doces parolas,
pois facía xa días,
co Susiño do Bochas,
armáramos o demo
diante da súa casoupa.

«Fona, Fonacha,
rabo de sacha»

berrábamoslle, a rir

* Falsa palabra, ou máis ben falso significado, por confusión entre o galego *aldraxe* e o castelán *andrajo*.

dende o cimo da corga.

Moitas pedras chovían
certeiras pro sen forza
e á carreira fuximos
a berrar: Fona, Fona!

«Ven sen medo –me dixo–,
olla que che son boas,
e contareiche un conto
e dareiche unha roda.

Así naceu a estoria.

Tan soio ela a sabía,
soio ela na parroquia.
Adeprendeulla a mai
cando era moza nova,
e ela ouvíraa contar
á súa bisavoa.

«Non contes a ninguén
–díxome– astra que eu morra,
o crime que fundou
xeneraciós de Fonas.

A coitada Loliña
foime tataravoa.
Cando os pais lle morreron,
ficou no mundo soia.
No Sempronio a cismar,
tornouse a probe tola.
Fixéronlle unha filla,
perdeu a casa toda.

As netas e as bisnetas
tiveron deica agora
a mesma mala sorte
que a coitada da Lola
e perdeuse de Andrade
a vedraia memoria,

e fumos a pedir
do mundo polas portas
astra que os teus antergos
déronnos ista chouza.

En min caduca o fado,
finouse a moura estoria.
De min fuxen os homes,
de min ninguén se acorda,
que herdei males venéreos
e cúbreme a pezoña.»

* * *

Co bandulliño farto
de melindres e roscas,
corga abaixo, a correr,
ledo coa miña roda,
encamiñeime á casa
sen comprender á Fona.

Barcelona, 1952

II
INTRES ESPACIADOS

*Ós meus pais
que sempre me falaron
na fala galega*

CAL NENO SOIO NO MUNDO,
o meu corazón, probiño,
vagou por moitas rexiós
esgaxado e sen garimo.

Dende que te conocín,
Rosa, xúroche a verdá:
en min naceu un amor
que enxamais se murchará.

UN PAXARIÑO, CANDO SE ERGUE O SOL,
con seus primeiros, garuleiros berros
na fiestra miña cantiguiñas ceiba
cheas de amor.

Eu reconozo no seu chirlo de ouro
e no marmuxo da fontenla crara
que pingotea, de vagar, no rego,
teu falar meigo,

e caladiño quédome un anaco,
maxinando que bule un corazón
entre marmuxos e cantigas ledas
perto de min.

Qué grande é o lume pasional que pechan
ises teus ollos, amantiña moza,
que na caída dun solpor feríronme
con doce frecha.

Qué maino sae dos teus roxos beizos,
cal da fontenla paroleira e branca,
o cheirar puro que enche de pracer
meu corazón.

Cando recordo o teu amor xurado
e cando sinto os teus biquiños tenros
un pracenteiro coxiguelo rube
polo meu corpo.

Qué souril fora, craveliño novo,
se toda a vida nos braciños teus
zugar poidera con xigantes sorbos
o teu amor.

Nada na vida querería xa,
que n'agromara da vontade túa,
miña roseira vermelliña e fresca
cal primaveira.

QUIXÉRATE XUNTO A MIN,
nena de dourados rizos,
pra che bicar as meixelas
e ollarme nos teus olliños,
somellantes a luceiros,
transparentes como o vidro.

NA NOITE PECHA, CANDO SAE A LÚA,
recordo o día que te vin, meniña,
naquela corga, xunto á carballeira
de Don Xaquín.

Ó ver os ollos da muller da noite,
sempre me lembro das parolas túas
cando mintían: «Lévote na ialma,
meu Serafín.»

NO MEU CORAZÓN ARDE UNHA FOGUEIRA;
pero fáltalle leña.

O palomo quedou sen a pombiña;
e arrenega da vida.

Sen ti, rapariga,
salaia o meu peito,
anóxame a vida.

TEÑO ENVEXA DA FONTELA
na que lavas os peciños.
Teño envexa do cravel
que levas xunto ó peitiño.
Tamén a teño da brisa
que che bate cos seus bicos.

SÁBETE RAPAZA
de guedellas de ouro
que nunca na vida
chegarás a un mozo:

Tes grosos os beizos
e azúes os ollos.
Trenqueas ó andar
e falas fungoso*.

Sábete rapaza
de guedellas de ouro
que nunca na vida
chegarás a un mozo.

QUIXERA SABER VOAR
como unha anduriña
pra poder tornar
á miña casiña.

NA BUGALLA CONOCÍN
unha fermosa roseira;
non ma biquedes, xiadas,
que morrería sen ela.

* Non o *fungoso* de *fungo*, senón un derivado de *fungar*, coma *fungón*.

O SOL XA ADORMECÍA...

No fondo da ribeira
rebrincaba o río Miño:
xunto a min, a Tereixa.

Cheos de tóxo-los carros
rechinaban ó lonxe
e as cantigas da moza
ecoaban no monte.

As horas debruzadas
ós pés do deus meniño,
escoitaban as falas
dos nosos corazós.

Eros embebedoume
e alí bebín a grolos
o mel do seu amor.

Dimpois todo era gozo.

TEN CONTA, BUBELIÑA,
que coma min ninguén
che quererá xamais.
Pensa ben o que fas.

Os paxariños, ceibes,
garuleiros rebrincan.
Tamén teu pensamento
rebrinca polos ceos.

Coidas que todo é festa
e que todo son frores.
Tamén entre as froiñas
atoparás espiñas.

OS PAXAROS DEBULLAN
rechouchíos nas albres.
Tamén ti, rosa brava,
as debullas á tarde
cando o sol se adormece,
mentras que a lúa nace.

Eu ouzo dende lonxe
envolveito en saudades,
maldicindo do día
que ti me namoraches.

TANTÁN, TÉN... TANTÁN, TÉN...
Morreu Dona Tereixa.
As campás, como choran!
Falta unha ferigresa!

Aquela muller nova,
denantes tan vermella,
trocou a coor san
das fresquiñas meixelas.
Aquelas cantiguiñas,
cantiguiñas galegas,
agora xa non soan
nos montes nin nas veigas.

Na tomba dormidiña,
coas mauciñas marelas,
descansa, mentres choran
un neno e unha nena.

Probes orfos sen mai!

Que pesar! Que tristeza!
Quedan soios no mundo...
levan a mai prá terra.

O enterrador, xa vello,
xunto á porta da igrexa,

mentras choran os nenos
abre profunda fenda.

Cun cigarro nos labios
e un chapeu na cabeza,
cun bigote xa branco
e unha roupa aldraxenta*,
aquil home da medo,
parece sen concencia.

Afondando saca ósos,
saca unha calivera,
pedazos doutra caixa,
pelos, pedriñas, terra...

Pasa pouquiño tempo,
os que choran aumentan:
Naquil foso profundo
van meter a Tereixa.

Xa está nil. Que silencio!
Que disgracia! Que pena!
Os fillos quedan orfos.
A mai non dá mais verbas.

Co tempo será cinza...
Na groria Dio-la teña!

QUE VERDE E GARIMOSA A TERRA MIÑA,
que poética na noite,
que algareira e ridora polo día!

Cando se viste o ceo de mouras tebras
saen grilos trobeiros
para cantar á lúa voandeira.

* Coma antes *aldraxosa*, senso contaminado por *andrajo*.

Cando esperta o sol, roxo coa ledicia
ó ver eidos galegos,
choutan paxaros riba das froriñas.

Que verde e garimosa a terra miña,
que poética na noite,
que algareira e ridora polo día!

Por iso, cando Apolo torna ó seo
do mar enfurecido,
tanto mágoa que tórnase marelo.

CALADE AXIÑA, CAMPANAS,
con ise xordo tan tan.

Non traiades ó recordo
a morte que hoxe ou mañá,
con fouciño feridor,
nosas vidas segará.

Por que aumentás nosas coitas
con ise tolo petar?

Por que non deixás vivir
nos melancónicos chans
da nosa aldraxada terra
os coitados aldeáns?

Non nos chamedes, campanas.

Deixainos vivir en paz
no dondo niño galego
a carón do noso lar.

QUE TEN O MENIÑO
que sen parar chora
coas maos na cariña,
de pé xunto á porta?

Pegoulle algún neno
pra quitarlle as bólas?
Quizais lle mordeu
o can a pelota?

Que ten o meniño
que sen parar chora?

Cediño, moi cedo,
na cara bicouna
pero a mai, calada
non daba resposta.

Seus ollos pechados,
sen coor a boca,
as meixelas brancas,
frías como a lousa.

O neno, moi cedo,
na cara bicouna;
a mai, dormidiña,
non daba resposta.

COMO UNHA MUXICA ACESA,
que o ar levou no seu colíño,
así che levou a ti
a mala fada a ise sitio
onde coidaches topar
máis achego e agarimo.

E xa ves... Non tes ningún,
meu emigrante querido.

Onde millor estarás
é debaixo daquil pino
que está a carón do teu lar,
saboreando os doces bicos
que che darán na meixela
istes galegos airiños.

RUARON OS ANOS
como un regueiriño
que corre entre prados
cheirosos a lilios.

Cos mesmos vencellos
seis anos xuntiños,
deixámonos hoxe,
Susino querido.

Días de ledicia
pasados contigo
gardará pra sempre
o «FOI» no colíño.

ONTE VIN UN VELLIÑO
cunha caiada
que choraba na porta
da igrexa sagra.

Os seus ollíños cegos
non vían nada
e as súas pernas, probe,
tíñaas eivadas.

As campanas da igrexa
repinicaban
chamando polos fieles
á Misa santa.

Turistas, novos ricos,
nin unha ollada
lle deron ó pasar
e eu matinaba
que son moitos os homes,
ouh mala fada,
que dan cartos pró crego
e mais prás ánimas
sen lembrarse dos probes
que, soios, bágoan.

PRA DARLLE A DESPEDIDA,
unha fresca mañá,
encamiñeime, soio,
á Croa do Toural.

Enriba dun penedo
senteime, a cavilar,
ollando longas veigas,
montañas, ríos, vals.

Dende alí mirei pobos:
San Miguel e Suar,
Francos e Millerados,
Retorta e Cereixal.

Dende a Croa ollei soutos
restebas e toxals,
labregos con baldetas
sementando no pan.

Da amañecida ouvín
o cantar do alalá
e dos ledos carriños
o lonxano chiar.

Que grande o meu contento
mirando ó Sagrazal,
as chousas, as namelas,
os Carballos, os Chaos,
o Trobo, a Escadiña,
terras da miña mai.

Lástima que espertei
de tan ledo soñar
ó ver un corvo negro
agoirento, fatal,
camiño doutras terras,
a voar... a voar...

QUE FERMOsa A MIÑA PATRIA
cos seus prados e ribeiras,
cos seus namelos* e ríos
e coas súas carballeiras.

Que pracer enleva o peito
dende o cimo dunha rega,
dende o cume dun outeiro
nunha mañá pura e fresca.

Que deslumeante o solpor
cando bota lume a terra,
como gorentan os acios
que colgan das verdes cepas.

Que sans, que ledas e meigas
as rapaciñas galegas...

Que tristura a do emigrado
que degora a súa terra
e come pan estranxeiro
porque na patria llo negan.

VERDE GALICIA, DE MIN TAN LONXANA,
recibe un bico e unha forte aperta
diste rapaz que de ti lonxe chora
cheo de pesar.

Lonxe da casa, da maiciña lonxe,
sen isas augas e sen isas veigas,
voume quedando sen coor, sen riso
sen alegría.

Cando retorne pra ise chao frorido
de ricos agros e verdiños vals,
de montes altos e ribeiras longas
bicos dareiche,

* Coma *namelas*, pradelos.

e endexamais te hei de deixar, sagrado,
doce recanto que nacer me viches,
no teu colíño, respirando a brisa
da primaveira.

RELEMBRANZAS DE GALICIA...

Nunha tarde bichornosa
con queipos, cestos e sachas,
riseiros e armando troula,
ós Chaos a arrincar patacas,
fumos os mozos e as mozas.

A terra abríase farta
ó tenro bico do arado.
Postas as maos na rabela
meu tío botaba carafios
e aguilloaba os marelos,
devagariños e cansos.

Eu sachaba nun rego
á carón da Tereixa,
de cabelos dourados
coma follíñas secas.

As horas alancaban
coma nubes lixeiras
namentras escoitaban
as parolas da nena.

Un merlo, a reloucar,
rouboume a miña idea
e namorado díl
esquencín a Tereixa.

SEMPRE RECORDAREI A NOITE AQUELA
chea de risas, chea de malicia...

O meu tío tizaba o frío forno
cando chegaron o Xosé e o Frías.

Barullando, en voz outa, deron berros
chamando pola porta da cortiña.

O alambique choraba de cabezas
e probaron os dous a forte chisca.

Logo sacaron cartas pra xogar
e entre os catro botamos a birisca.

Guiños e linguas, testas que abalaban,
carafios, señas cegas, troulas, risas,
zapateiras, capados e barullo,
augardente, partidas e partidas.
Logo empanada con coello e liscos
contos de monxas, cregos e sobriñas,
falas picantes, cántigas e chistes,
mofas da vella Pepa, a Beatiña.

Sempre recordarei a noite aquela
chea de risas, chea de malicia...

XA CHEGAN AS MALLAS.

O pan, enmedado,
agarda o rapaz
que ten que tiralo.

Á mañá cediño
quedou amañado
o motor e a máquina
pra darse ó traballo.

Pronto chegan mozos
con rodos e angazos
donas con vasoiras
pra apartar os cuaños.

As espalladoras
tocadas cos panos,
o home do palleiro
e da casa o amo.

Toman logo a copa
e vanse ó traballo.

Gusta ver as mozas
que falan berrando
por mor do ruído
do motor borracho.

Gusta ver os mozos
na palla carreando,
valentes e fortes,
sen sentir cansancio.

Gusta ver as donas
a voltas cos cuaños
e os nenos xoiosos*
correndo e cantando.

Ó cabo dun tempo
xa a malla acabaron
e empezan as burlas
contiños e cantos.

As mozas, travesas,
falan polo baixo
ríndose dun mozo
que é bastante parvo.

Os nenos barullan
e xogan cun gato,
os homes e as donas
están descansando.

* Catalanismo: *joiós*, alegre, feliz.

As risas rebentan
cando din que a Charo
meteulle na espaldra
ó Farruco un rato.

Todos rin, mais il
tórñase encarnado
cal se lle pegaran
un forte palmazo.

Acabado todo
camiñan pra Pacios
á malla do Pepe
alcumado o Frasco,
e eu quedo moi ledo
porque barullando
arroubeille un bico
á filla do Francos.

ALONXADO DAS TÚAS RIBEIRAS,
os teus soutos, devesas e prados,
polo mundo magoado camiño
dende os tenros inxeles seis anos;
mais teu doce recordo por sempre
no meu peito acochei con agrado.

Enxamais esquencín isa terra,
agra verde onde brincan os anxos,
que sostivo meus calcos primeiros,
inseguros, con tento alocado,
e escoitou miñas verbas trabadas
con tateos de novo paxaro.

Terra meiga cuberta de frores,
paroleiros, pequenos regatos,
coma nunca cubizo teus aires
no recendo da xesta aromados.
Túas frías mañás invernais
con folerpas de neve xogando.

Teus solpores nas noites do vrao
cando torna dos montes o gando
e as galiñas encetan un sono
e camiña marela no espacio,
cos seus cornos, tristeira, a luíña
de alongados cabelos dourados.

Con saudade me lembro, Galicia,
do meiguíño renxer dos teus carros,
que recrean con berros melosos
os ouvidos do nobre aldeano.

E recordo teus días de mallas
cando o sol cae fervendo nos agros
e as ribeiras no mes de setembro
que respiran co zucre dos acios,
e os castiros que pechan o froito
nos marelos ourizos gardado.

Canto sempre de ti che me lembro,
canto peno da terra emigrado!

Se eu tivera da brisa as cantigas,
que nas ponlas desfai dos carballos;
se eu soupera tecer tenros chíos
como o fan algareiros paxaros.
Se da lira soupera o segredo,
se meus foran os beizos dos fados,
eu cantara teus feitos de gloria
na linguaxe que falan os anxos;
pro cativos os probes meus versos,
sen miolo, no vento broslados,
son tan soio parabras sen fondo
dun galego de amores magoado.

Barcelona, 1956

III
LEMBRANZAS ANTERGAS

Á miña dona e ó meu meniño Enrique

GALICIA

GALICIA, PATRIA ENXEBRE, ACOLLEDORA,
perdoa os versos ruís que che consagro,
dos millores trobeiros fúlxico agro,
de Curros e Pondal lira canora.

No inxenio de Mateo es xenitora,
recanto no que Deus funda o miragro,
da liñaxe de Celt Destino sagro,
e tórnaste nas pedras Creadora.

Ise abourador fogo que ti encerras
moi logo alumará veigas e serras
e ó teu berro virán dende o estranxeiro

os teus fillos, acesos os espíritos,
e de Añón os proféticos escritos
tornaranse PRESENTE ventureiro.

PARADELA

FESTAS DE SAN MIGUEL E DAS DELORES,
campás da igrexa, ledas ou tristeiras,
camiños dondos, corgas costaneiras,
noites de luar, no vrao, longos solpores.

Namela onde collía brancas froes,
noces, figos, amoras das silveiras,
terra de mozas, ledas, cantareiras,
que tes que mórrome de mal de amores?

Terra que vai dende o Tournal ó Loio,
veiga onde nacín, doce, verde cunca,
camiño do romeiro a Compostela.

Polo mundo emigrante, triste, soio,
estarei lonxe, pro... esquecerete NUNCA!
Patria dos meus antergos, PARADELA!

A CRUÑA

LOUBANZA A TI, CIDADE MARIÑEIRA.
Contra o normando que entra na badía,
cíngueste de muralla e sen canseira
os teus fillos deféndete á porfía.

Pra Carlos quinto poste feiticeira
e emprende longa viaxe nesa ría,
en logro de raíña gasalleira,
o rei en cuios eidos sempre é día.

Salve ouh ti, Patria de María Pita,
na loita Capitán, sen medo á morte.
Salve gardián do inglés, guerreiro forte

lañado por sangal bala maldita.
Vixía sen acougo que ó Alén fita,
Deus che dea divina, sagra sorte.

LUGO

LUCUS AUGUSTI, AMURALLADA E FORTE,
primada dos romanos, terra brava,
cidade conciliar, sen medo á morte
contra as forzas que Muza comandaba.

Do maino Miño, pendurada ó norte,
quería o feudal terte por escrava;
pro arriscada, valente, a túa sorte
a Castañeira axiña ela trocaba.

Pazo de Xesús Hostia. Nobre asento
da Virxe celestial dos Ollos Grandes,
de San Froilán, fidalgo, berce sagro.

Ás túas portas pido valemto
pra que meu corazón ferido sandes
da dor dos emigrantes cun miragro.

OURENSE

OUH CIDÁ ALOUMIÑADA POLO MIÑO,
confortada cos acios do Ribeiro
que cantara o Rei Sabio, bo trobeiro,
inspirado co espírito do teu viño.

Ten á morte o rei suevo o seu meniño,
denantes xoguetón e brincadeiro
e noite e día prega ó milagreiro
santo de Tours, que o sanda, San Martiño.

Noutrora cubizada de invasores
e condes feudás, podres de inxusticia;
Hoxe, do capital, chuchada rosa.

Patria de Feixóo e poetas loitadores
–Curros e Lamas, gorias de Galicia–,
cando se finda a emigración forzosa?

PONTEVEDRA

DO RÍO LÉREZ TEUCRO CHEGA Á ORELA
e namorado do teu mar diviño
dille ás hostes: «Abonda de camiño.
Enxamais ría vístedes como ela.»

Así naciches a serán aquela,
dos heroes gregos prácido destiño,
do Vate-Capitán Gómez Chariño
solar que brila con roibéns de estrela.

Nises peiraos a nau Santa María
de Colón, teu esgrevio fillo, ó mando,
en logro doutros chaos, deixa a badía.

Patria do cambadés, galego enteiro,
nos caciques legón rexo mallando,
do pobo enxebre, xenial trobeiro.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

OUH SAGRO POBO DO MIRAGRO NADO,
cidade de feitizos, Compostela,
de Santiago grorioso, rexio estrada.
Quixo afogar o mouro a túa estrela,

pro, trunfador, acoden ó teu lado
santos e bispos. Cunha mesma arela,
o labrego, o mendiño e o cruzado,
nobres de Francia, reises de Castela.

De Xelmírez perante o bon goberno,
teu esplendor iguálase ó das Romas.
Nisas pedras Mateo pon o Eterno

cos seus Santos e Apóstolos a rir,
e en Rosalía, teu poeta, agromas
de Galicia ricaz novo porvir.

TUY

OUH CIDÁ EMPOLEIRADA NA RIBEIRA
do farturento, enxebre río Miño,
de Portugal irmán, vello camiño,
dende a Antiguedá fúlxida roseira.

De Tide o fillo chega á túa beira
en percuro de novo enxebre niño
e arrolado no teu dondo colíño
esquece a grega patria feiticeira.

De Witiza es fidalga, nobre corte
e Dona Urraca, reina xenerosa,
con garimo, refaite bela e forte.

Ó meniño San Paio ergo o meu prego,
mártir do mouro en loita groriosa,
o peito a chorar polo lar galego.

VIGO

OUH RECANTO VIGUÉS, DO MAR Ó ARROLO,
da Galicia industrial bo pregoeiro;
Tal maiciña co neno no seu colo,
teus fillos óllante medrar riseiro.

Quere roubarte o inglés nun rauto tolo
e amóstraste baril, forte guerreiro,
e cal o mauritán, con desconsolo,
fuxe, do teu meigallo xa presoeiro

Es soleira onde Deus vai ás tardiñas
cando o sol, ó deixarte, sangue chora
e a milleiros revoan anduriñas

e bisbea cantigas tenras Flora.
Ría vaguesa de augas manseliñas,
cal fado acochas que tan ben namora?

MONDOÑEDO

SE EU FORA, MONDOÑEDO, CAL NORIEGA,
vate fecundo, se de Veiga un día
e de Cunqueiro a inspiración me rega,
túas grorías sen conto tanguería.

O Mariscal de Cela abonda e chega,
morto por traición na noite fría,
pra facerte inmortal, cidá galega.
—de entón es pra Galicia espello e guía—.

Premitan San Gonzalo e San Rosendo
que sen ver os teus pazos e as túas veigas,
sen conocer ise verxel non morra.

Respirar quero o teu puro recendo,
de Álvaro á noite ouvir tesouros, meigas.
Rolas no día, o cuco e a cochorra.

MONFORTE DE LEMOS

VEIGA DE LEMOS RICA E NOBRE, ESCOITA
istes versos endebres, soñadores,
Patria dos meus antergos xenitores,
das vilas de Galicia enxebre roita.

Coas liortas feudás teu ceo se enloita
cando a Mitra a arder poñen, pecadores,
os nemigos do abade, traidores,
na santa testa após de aceda loita.

Do Virrei conde Pedro ó sabio mando,
medras groriosa, lampexante, forte,
do vello Castro, no fondal, Monforte.

O Cabe a teu carón pasa lembrando
o Cardeal mecenas Don Rodrigo
e párase a rezarlle no pontigo.

BETANZOS

OMANDEO, SEN PRÉSAS, PRIGUICEIRO,
pra na ría morrer con dignidade,
os ollos ergue ó ceo, e dos Andrade
ó lembrarse, ergue un rezo nun caneiro.

Ouh Brigantium romano, nun outeiro
fidalgo das mariñas, farto abade
coroado de mosteiros doutra idade
envoltos nun recendo milagreiro.

Fernán Pérez o Bó érgueche igrexas,
hospitales e pontes que na historia
xermolan en trunfás lendas de gloria

e das liortas feudás, guerras e envexas,
garrida xurdes sempre, gran Señora,
no teu Castro sentada Emperadora.

CIDÁ DO FERROL

FARO QUE ESCULCAS LONGO MAR BRUANTE,
gardado por castelos fortes, rexos
–San Felipe e San Carlos– cos reflexos
do sol bicados ó morrer no Atlante.

Das Indias defensor sempre axexante.
Os teus barcos guerreiros loitan lexos,
alumados na loita cos latexos
do Setestrello, contra o inglés liante.

Se ingresa foras, arxentina mura
apreixaríate por tolos ciúmes;
con nós, do mar á beira, libre creces

e nas artes abrangues da pintura,
as letras e a mariña, os outos cumes
e pra Galicia un rico porvir teces.

CATALUNYA

Ó meu bo amigo catalán Roger Canicio

DENDE NENO QUE VIÑEN A ISTA TERRA
na roda da irmandá –toca a tenora–
deume a mao Catalunya protectora
e garimo a «Morena de la Serra»*.

Meu corazón agradecido encerra
un moimento que bágoas ledas chora
á adiantada de España, acolledora
do emigrante que ás portas súas berra.

Patria de Verdaguer, cal Rosalía,
froito do pobo, esgrevio, inmortal poeta,
místico reiseñor da Moreneta.

* A Virxe de Monserrat, a Moreneta.

–Os dedos molla en sangue que desfía
do seu peito Wifredo, e o marelo
escudo catro barras* fan mais belo–.

Barcelona, 1966

* Refírese á orixe lendaria das catro barras ou «pals de sang» do escudo e a bandeira de Cataluña.

IV
ACEDUMES E MÁGOAS

Ós nosos que inda fican nas aldeas

In memoriam do meu tío Marcelino

MOITOS ANOS PASARON, MEU PADRIÑO...
Negouse o crego a bautizarme, dicen,
porque eras progresista,
porque te arrepoñías ós caciques,
porque adiantar querías de Galicia
o mañá que inda tarda. Si, morriches.
Morriches coma un santo, após da Misa
última que axudaches e fuxiches
de Paradela pra dar conta a Deus,
co Daniel e o Xosé Manoel do triste
que ficaba o teu pobo, encadeado,
condenado a emigrar a outros países
en percuo do pan e a libertá
negados dos caciques.

Atendeu Deus a queixa túa, ó fin,
e o Concilio inspirou ó Papa Santo,
e as esquecidas leis reverdeceron
da libertá dos pobos encadeados
e novos cregos érguense coa Cruz,
do Vaticano ó mando,
a Xusticia Social na nosa fala
por cidades e pobos predicando.

Moitos anos pasaron, meu padriño,
dende que vos mataron
e a vosa estrela brila máis no ceo
cada ano.

DO VIETNAM, COITADO NENO
cheo de negra fame, espido,
bota pragas ó bandido,
pra beber, dálle veneno!

Traidores irmaos, mercados
da Guerra cos podres cartos,

mentras iles viven fartos,
esquecen os malpocados.

O napalm queima as aldeas,
a metralla parte peitos
e miles de cadaleitos
sementan tropas alleas.

Naciches pra zugar fel
nas fragas da túa terra,
e nos estrondos da guerra
medra a túa ialma inxel.

Como mágoas, Nguyen Nhigo,
ferido, a carón da mai;
hoxe perdíche-lo pai
na loita contra o nemigo...

Non hai pra ti brancas pombas
porque o sangue corre arreo
e ises chaos tirano alleo
inzounos coas súas bombas.

Os nenos do mundo enteiro
rúan na Cidá-Xardín,
brincan, xogan, berran, rin
e chapuzan no trolleiro.

Nas aldeas van ós figos
fanse chifros, cazan rolas,
acanéanse nas pólas,
teñen pais, teñen amigos.

Ti, meu rulo, o pai perdiches,
pra ti non hai margaridas;
soio bágoas e feridas...
En que mal hora naciches!

Hué, Khe Sanh e Saigón,
sangue, laios, morte, lume!
Canto pranto, que acedume!
Vaite estranxeiro lambón!

Pecador de infanticidio,
deixa os pequenos xogar
e as campás roucas chorar
o teu mouro xenocidio!

O SOL QUEIMA OS CAMIÑOS.
Da casa os homes van toma-la sesta,
namentras nos seus niños
de toxo e xesta
botan unha sonada os paxariños.

Adormeceu o gato na lareira,
na corte, remoendo, están as vacas.
Dorme o can na palleira
e nas patacas
hai tocata grileira.

Diante da casa, á sombra dun carballo,
sentouse a Pura
–para as mulleres sempre houbo traballo,
non ten cabo a costura–.

O meniño, inda novo, anda xogando;
il non quere dormir,
ás seis irá co gando.
Que deño de pequeno, a rebulir.
Abondaranlle os anos pra sufrir.

Cunha vara entre as pernas, cabaleiro,
«arre burriña!», berra o rapazolo.
Corga arriba e abaixo, corriqueiro,
bate na estraña burra sen consolo.

–Acouga neno! Abonda de carreiras!
–Eu xa son home! Voume dista aldea!
–Ti que dis? –Vou pra terras estranxeiras!
Farei de cartos unha gran morea!
–Veacó! Ven que che conte!
Trotache abondo! Atende a miña estoria!

Eu emigrei, parece que foi onte,
afanosa de cartos e de gloria.

Os meus ouvidos semellaban xordos
e ós dazaseis anos deixei a terra,
o berce, pais, irmaos, os meus recordos
e esta fermosa serra
e mergulleime nun rueiro novo
sen coidar que a Saudade a meu carón
como esfameado lobo,
sen compasión,
roería axiña niste corazón.

Onde atopar coidei meles e frores
ollei de cote un ollo que acenaba...
«Eí vai unha inmigrante.» «Quers amores?»
«Inda eres nova. Quers ser miña escrava?»
«Fuxiulle á fame.» «Como langreaba!»

Pra manterme, servín donos burgueses,
traballei co Patrón industrial
interminabres meses.
Por un xornal
chucháronme a saúde, a maior mal.

Salvei somentes, pura, inmaculada,
do tufo da cidade a miña ialma,
e da voz da Saudade aconsellada,
tornei prá casa e recobrei a calma.

Olla iste formigueiro,
como arrastran a morta lagartixa!
Ledas, arriman todas seu ombreiro
pra no inverno faceren a partixa.

Cavila, neno, a súa lección.
Non fai falla emigrar:
O SINO certo estache nisa UNIÓN.

EU COMPRENDO QUE XURE O LABREGO
e maldiga o mal fado que o roe
esquecido de Deus e a Xusticia,
aburado por mil traidores;
nunha aldea perdida no mundo
isolado no medio do monte,
todo un ano traballa, traballa
pra vivir cheo de mágoas e dores.

O cacique, namentras, arranxa
do aldeano papés, pasaportes...
pra que emigre a lonxanos países
en percuo de libras e dólares,
e os coitados dos vellos e vellas,
cando xa cos seus anos non poden
fican soios nas súas casoupas
a chorar porque os fillos non volven.

Bo negocio albiscaron os Bancos
co traballo dos fillos dos probes
e os camiños abriron da Europa
pra que, escravos, pra iles aforren.
Non importa que a Patria non medre,
tanto ten que Galicia se escoe;
máis proveito deparan que a Industria
as divisas que mandan seus homes.

Danlle o dous de ganancia nun ano...
pero o triste, o que mais me conmove,
o que indigna meu peito mormentes
é que os cartos aforros do probe
son a forza que afoga ó aldeano
entre sabas de rosas e froes.

Non coidache, emigrante ou labrego,
que ti mesmo buscáche-la morte
ó entregar ó banqueiro os teus cartos
que lle rentan o cento por nove?

Fan pantanos e granxas e esmorgas
cos diñeiros que chegan de lonxe,

longas veigas enagan* coa iauga.
«Se quers luz has pagar hasta os postes.»
O seu gando dará beneficios.
«Vendera-lo teu gando se podes.»

Iles viven en pazos na vila;
ti traballa pra que iles engorden.

Leva os cartos pró banco, que medran!!!
que ó final do exercicio recollen!!!

Non malgastes. Aforra pra vello...!

Terás viño e colleita se chove...

ONDE ESTÁN OS TEUS FILLOS? ONDE ANDA A MOCEDÁ?
Que facedes, meus vellos, nisa pecha soedá?

Fuxiron a outras terras en percuro de pan;
enxamais ó seu pobo, quizaves, tornarán.
Traballaban, coitados, tod'as horas do día
na fogaxe do vrao e na crúa invernía,
pra manterse de caldo, cachelos e touciño,
na lama e no trolleiro fozando do camiño.
Indo ben as estrelas, dá perdas o centeo;
que choven os trabucos, afogantes... arreo...
O intermediario paga os pitos e as patacas
a prezos de miseria pra enche-las súas sacas
e o becerreiro gana nunhas horas de trato
o que o noso labrego perde por moi barato.
Fican pra monte as bouzas; cheos de toxos os soutos,
as ribeiras sen acios, o lobo inza os picoutos.
Non hai xeito de darlle. Non se pode amañar;
por iso os nosos fillos tiveron que emigrar.
«Hai que industrializarse, esquecer xeitos vellos...
concentración de leiras, pinos...» Cantos consellos!

* Non achamos nos dicionarios a forma *enagar* por *anagar* ou *anegar*, pero é posible que exista.

Estadística dice que no agro sobra xente
e que o vinte por cento quedará escasamente...

Fai anos que te abura o mal fado, Galicia.
Trunfará, se non loitas, mil anos de inxusticia.
O gran señor das granxas devanou moito o seso
e volve o feudalismo co mandil do progreso.
Se axiña non esganas o Sino caciqueiro
que che atenaza a ialma e choe teu vieiro,
irás esmorecendo cal triste fol sen vento,
ollando como alanca veloz teu pasamento.

CASTRAPO. SI, MEU NENO,
Falan castrapo.

Son señoras da vila.
Falan bruando.
Chaman ós seus meniños
cun berro estraño.
Empregan unha lingua
de xeitos raros,
deprendida na escola,
nos vellos pazos,
na botica, no cine
e no igrexario.

Pra distinguir-se sempre
do probe aldeano,
interpoñen adrede
ise valado
entre a caste dos ricos
e a dos escravos.

Isas mais ós meniños,
anxos xogando,
ensinan o linguaxe
dos castellanos,
esmaiolado o probe
con erros tantos,

que un burgalés chorara
se ouvir falalo.

Elas coidan, ouh parvas,
que o castellano
abriralles camiño
ós fillos, doado,
e mañá fará diles
cregos... fidalgos...
Non saben que o seu circo
élles vedado
e en Castela tamén
o mesmo fado
atenaza ós que viven
do seu traballo.

Atende o rogo, neno,
que hoxe che fago:
Non cámbie-lo galego
polo castrapo.
Adeprende linguaxes
dous, tres ou catro.
Ingrés, ruso, francés
e castellano,
pro endexamais renegues
do idioma patrio.

O xeito pra varrer
o cacicado,
non se dá ca humildade
nin con alaudos*,
que canto máis os louves,
ouh malpocado,
máis te esmagarán iles
ben esmagado.

A unión da nosa caste
fará o miragro;

* Louvanzas: deverbais de *alaudar*.

desvencellados, somos
parias escravos.

Xamós e lacós sobran,
sobran regalos.

O que queira comelos,
poña o traballo.
Se iles son dunha caste:
«O cacicado»,
nós somos doutra caste:
«A do traballo».

Se iles falan e pensan
no seu Castrapo;
nosoutros falaremos
o Idioma Patrio.

Vencellados, meu neno,
nós, «Os escravos»
crebarémo-lo Sino
en mil anacos.

ARRENEGA CON FORZA,
muller galega!

Espreita o mundo ruín cheo de inxusticia
que te arrodea!

Esgana os ladroeiros!

Se te aguilloan, berra!

Os feixes de outonizo os teus cabelos
triparon dende nena.

O toxo arrabuñou
a túa branca perna.

Enlixáche-las maos
no estrume da esterqueira

e os teus cuadrís, dende meniña, anícranse
para acadar o froito desta terra.

Casaches cun escravo,
décheslle o teu amor, e á súa beira,
removendo terrós, criando pequenos,
xa chegaches a vella.

Hai leis no mundo?
É certo que unha luz no ceo latexa?
Cando alumará nistes peitos ermos
isa candea?

A probe Rosalía fai cen anos
con amor acendeuna;
mais a negrura
é pecha.

O seu brillo aduvíñase;
pero non queima.

Arrerega ben forte!

Rompe as cadeas!

Camiñaron teus fillos pró estranxeiro
e, co teu home, vello e ti xa vella,
namentres iles loitan polos sábados,
no barrelo arrolades unha neta...

Embázanseme os ollos,
muller galega!

Cada enruga, un degaro.
Cada caña, unha pena.
Os ollos, de chorar,
afundidos na testa...

De Rosalía a luz
por que non queima?

Maldice o mundo ruín cheo de inxusticia!
Rompe, rompe as cadeas!

VAI SENDO HORA, GALICIA, QUE ESQUEZAS
as fazañas antigas e poñas
en vitrinas douradas e cofres,
nun museo, as pretéritas cousas.

Longos anos durmiches no tempo,
enmeigada e cun nudo na gorxa.
Deixa os tópicos, Patria, e alanca
ensanchando camiños e corgas.

Dende os Celtas, os Suevos, os Godos
e as feudales eternas liortas,
moitas lúas morreron no mar,
moitos soles varreron as sombras.

Xa vivimos na idade do Sputnik
que no cosmos altivo revoa.
Xa as fronteiras caíron no chao
e cen pobos camiñan na historia.

Novos xeitos aluman no ceo
un mañá con brillantes raiolas.
Escentila riseiro o futuro
e o progreso arremete nas portas.

Ateigadas de cantos e chíos,
anduriñas lixeiras retornan
e dá fin a tristura inverniza
e o bon tempo os paxaros agoiran.

Sen acougo, os teus homes millores,
tripan sapos e lobos afogan;
non pon medo o caduco pasado
nin as verbas que deitan pezoña.

Vencellados en feixes ben pretos
os labregos, poetas e mozas,
estudiantes, obreiros e nenos,
nos cadullos da terra xermolan.

Mocedá tés, ouh Patria, e no sangue
unha ialma que peta con forza!

As virtudes da raza están vivas
e camiñan, xunguidas prá Gloria!

TAMÉN O RÍO DO MEU CORPO,
sen présas, de vagar,
silandeiro e amodo
vai pró mar da Eternidá.

Igual que o río Miño,
folgo da nosa raza,
de berce humildoso,
que a forza de camiñar,
de beber bágoas
escorridas na brétema
e pingas que esvaran
dos ollos da lúa,
medra, estalícase
e cando podía alagar
orgullosos, o peito cheo,
as largacías terras de Castela,
achandando desertos
e amostrando o seu ventre fecundo,
cavila, tatexa e decide
mergullarse
na inmensidá do colo salgado
do Oceano
perto, moi perto do barrelo seu,
bicando cos labres carnudos
as súas ribeiras
e as ribeiras irmás.

Ouh raza Celta
que non sabes das cubizas tolas
do Ebro!

Ouh raza sempre humildosa
que toconeas
nos acalmados relanzos.

Río sen fervencias,
sen ruxidoiras,
sempre maino,
que te deixas domear
polas maos do home,
río que dás a túa forza
en troques de ren...

Esborralla as presas
que choen a túa marcha!
Afunde no pozo
das túas entrañas
os penedos arcaicos,
abortos da túa caste
que che entupen o camiño
da paz e a libertá
que percuras no mar!

Ruxe, funga, rebenta,
desbota a rutina,
brinca do teu leito
e lembra os bisavós
que domearon
o encrispado Atlante
e das lonxanas,
arrepoñentes tebras,
acadaron o froito da Irlanda
co esforzo dos fillos
de Breogán!

ATOPEITE MOI LONXE DO NATIVO LUGAR.
Contáchesme, chorando, o teu longo historial.
Co teu home fuxiches pra terras estranxeiras

porque medran na patria somentes as carqueixas.
Somentes medran toxos, somentes curriolas*,
que espiñan, mágoan, firen, zugan, matan e afogan.

Ó coidado da avoa o teu fillo quedou
e o teu peito, esgaxado, caíu na emigración.
Na diáspora, coitada, cantos ollos mollastes!
Servistes ó burgués. Os seus fillos lavaches,
de sol a sol: traballos. A testa sempre baixa,
olladas que non saben dun fillo que moi lonxe
escoita á súa avoa mil veces o teu nome,
siñores que che pagan puntualmente ó mes
o que íles esborrallan unha noite en pracer.

Emigrante que choras, quen rozará as silveiras,
os toxales e os cardos que inzan a túa terra?
Cando coidas tornar a carón do teu neno?
Pra que emigraches, di, co teu home ó estranxeiro?
Esqueciches que hai xugos, esqueciches que hai fouces?

Encamíñate axiña a carón do meniño
que chora polos pais e polo seu garimo.
Cal nova Rosalía, peta de porta en porta
e xungue nunha arela a Patria que se escoa.

Dille ós homes que forxen cen fouces e gadañas
e que rocen as silvas que corren polas agras.
Berra, muller galega, pra que o teu home esperte.
Cóntalle que os desertos se tornan en verxeles.
Esprícalle que un pazo son milleiros de pedras
e o tren que vos levou, moitas ducias de pezas.

Esgánate berrando por aldeas e vilas
que as pallas fan os mollos, que as augas fan as rías.

Dilles, muller galega, que a Unidá enxendra forza!

Esgánate berrando pra que a Patria non morra!

* Correolas.

ISTE É O FROITO AGROMADO NO BOSCO
dos meus mozos, primeiros trinta anos.
Istas son as mazás e as cireixas,
os racimos, fatós, figos pasos.
Istas son as silveiras e os fentos,
as espiñas, os coios e os cardos,
testemuñas das miñas ledicias,
das angurias, dos risos, dos prantos.
Iste libro de poemas que liches,
de vivencias no tempo, é un ramallo
no que xuntos buligan, decote,
amoriños, protestas e cantos.
É a molaxe* da vida dun home,
esperencia, resume e catálogo,
ilusión faiscante ó principio,
uns comenzos que xurden románticos,
tradición, pubertá, tempos idos,
corazón, a soñar, namorado,
esperanza, futuro, proieutos
forza, vida, grandeza... casado,
pai dun neno, loitar, cavilar,
enfrentarse coa vida e o engano,
ilusiós que cubizan verdades,
uns proieutos xamais acadados,
unha ialma que quere ser ceibe,
que non cre en mintireiros miragros,
e no peito unha forza que obriga
a berrar en voz alta, ben craro,
en favor dos que emigran á forza
e os da aldea que viven escravos.

*Barcelona, Outono do 1967,
de volta das vacaciós en Galicia.*

* Muiñada, moenda.

SOLDADA MÍNIMA

ADICADO A

*Basilio Losada e Xesús Alonso Montero,
mestres e facho.*

*Darío Álvarez Blázquez e Manuel María,
poeta da Terra Chá,
portas francas no meu camiño.*

LIMIAR

Manuel Rodríguez López é un poeta obreiro –ou mellor talvez, un obreiro poeta. Dende as súas terras luguesas chegou a Barcelona, hai xa anos e anos. Eiquí medrou, loitou día tras día, e sobre todo, traballou e deixou anacos de espranzas e de soños na laboura da fábrica, na loita cotián, no esforzo anónimo, gris e malpago. O seu mundo, o mundo lírico que bule nestes versos e que se expresa tateante, con notorias quebras técnicas, pero tamén con fonda e moitas veces emotiva sinceridade, é o mundo dos arrabaldos industriais, dos transportes colectivos, do fume das fábricas, da lama dos camiños dos bairros obreiros, un ámbito e unha temática que pouco ten que ver cas que semellan adoitas pola lírica galega en todo tempo. Manolo Rodríguez fálanos da espranza da paga estra, dos horarios de traballo, da espranza do domingo. Non hai nos seus poemas requintes expresivos. Manolo Rodríguez gusta dos versos rimados, dos poemas cun contido elemental, sinxelo e fondo. Quere chegar a aqueles que participan do seu mundo, dos seus anxeios. É un naïf pasado polas loitas obreiras, aínda que a cárriga doutrinal dos seus poemas sexa mínima, e o que puideramos enxergar como postura política maniféstase tamén as veces de maneira contraditoria. Poeta do suburbio e da nave de montaxe, sinte Galicia cunha fondura tenra e máxica na que se misturan lembranzas da nenez, anxeios pra o futuro, unha visión a un tempo idealizada e dorida. Manuel Rodríguez, obreiro e poeta do suor e do esforzo, ve o mundo do traballo fabril, do proletariado suburbán, cunha claridade que é, nas súas contradicións, máis nidia, e posiblemente máis eficaz tamén, que moita da poesía testemuñal feita en Galicia, dende un apriorismo político que Manuel Rodríguez non ten, nos anos derradeiros do franquismo.

Os poemas mellores de Manuel Rodríguez son precisamente aqueles de temática arraizada nese mundo da fábrica e o arrabaldo, que tan ben coñece. Neses poemas hai ás veces verdadeiros achados expresivos que non o son nunca polo enlevo dunha imaxinería lírica nova senón pola fidelidade ambiental e psicolóxica. Non sei si esta fidelidade será un mérito esencialmente poético. O que si sei é que moitos homes, galegos, obreiros, emigrantes, entreviron por primeira vez na súa vida a poesía a través dos poemas de Manuel Rodríguez, obreiro, poeta, emigrante.

BASILIO LOSADA

PREGO

CANTIGA Ó CARBALLO

OUH FRONDOSO CARBALLO SOMBRIZO
que por séculos deches aveños,
agarimo e quentura ó labrego,
alumea o meu probe cantar!

Amodiño queimándose os cepos,
o teu lume na anterga lareira
consolou os meniños e vellas
coa sagrada fogueira ancestral.

E nas maos do artesano galego
eres carro, eres grade e arado;
eres mango de sacha e machado,
faste cuba pra o viño gardar.

Longos anos ti fuches, carballo
o conforto das nosas aldeas;
a Galicia contigo está en deuda,
patriarca de cerna inmortal!

XUSTIFICACIÓN DA LINGUA

TI ES ETERNO

A Xulio Xiz

AGRO GALEGO,
paridor inesgotable de clorofilas,
paradiso sucado
por infindos regueiros
de seme ninfático
fertilizador das túas entrañas,
sempre disposto
a froitificar
en ricaces centeos,
frescos lameiros,
soutos acugulados de ourizos,
mestas carballeiras,
piñeirais aviados con traxe novo,
eucaliptos que se arrandean perto do ceo,
ribeiros e albariños gasalleiros,
figos celmosos
e hortas ateigadas de mantenza...
Ti es eterno.
Enxamais morrerás, agro galego!

A pesares do televexo,
da radio e das estradas,
que invaden teus currunchos
nourora isolados,
a pesares da sociedade de consumo
que te materializa,
encadea,
masifica e domea
engaiolándote con feitizos,
barullos, gargalladas, firmas de letras
a pagar en tres, sete, nove meses...
A pesares da dignificación dos mitos
ti es eterno!

Inda que as túas donas acaden afogar a voz anterga
amamantada no sermo vulgaris;
inda que, desleigadas, se deixen cegar polo meiguizo

turístico-propagandístico-auditivo-visual
do «Viva la Vida», «Contamos contigo»;
inda que reneguen de ser un pobo diferenciado
e ensinen o castrapo ós seus nenos;
inda que se mergullen nos rechamos mendaces
alleos-trunfalistas que nos disipan...
ti es eterno!

Inda que se esborralle
o idioma arrequentado polo pobo,
a multiseccular fonía céltiga
non morrerá!

Agro galego,
nourora huchete* choído
que atesourabas garimoso
as alfaias e pérolas do verbo
pulimentado nos beizos labregos,
está a chegar o intre da coitelada final!

Érguete!
Esfrega os ollos e arreponde baril!
Calca forte e altivo polos teus vieiros!
Faite irmandiño defensor da fala dos avós!

* Arca, hucha pequena para cousas da casa.

O XAN DO PLURIEMPREGO

OBROUSE O MILAGRE

FORZABAS NA ALDEA SUANDO RABELAS,
ouvías os fillos cramar. E a Xusticia
virábache o lombo.
As leis e o Dereito
facíanse o xordo.

As chuvias, o vento e o sol
mirraban teu corpo,
da ialma... millor non falar: sempre
magoada coa idea do inferno
e o demo.

Petaches na porta da vila,
topaches traballo,
vendiches os leiros e en troques
mercaches un piso
a prazos.

Ecoan nas rúas teus berros de trunfo,
obrouse o milagro:

A industria non teme nubeiros
nen pragas nen raios!

ESPELLISMO

«OUH TEMPO PERDIDO NA ALDEA
decruando barbeitos, rozando toxals
tripando lizmachas e trollo,
seituras, aradas, fogaxe no vrao,
xaneiros que entalan as maos...»

Mal haxa o poeta
que, ouh parvo, salaia por vós!
Se a verba atingira coas sudes
que verte o labrego arrincando no estrume...!

PROGRESO?

CONQUERICHERES o mundo.
O xornal que che dan é folgado.
Non caviles nas horas
que malvives escravo;
outras doce eres ceibe, durmindo,
viaxando no bus e no metro, meu santo!

O domingo na tele dan fútbol,
ouh Progreso, que adianto!

Serás dono dun piso en dez anos
e terás prós festivos
un utilitario...

NA RÚA

IL BEN TRABALLABA.
Non era folgán; pro a saúde
xogoulle a trasnada.

Denantes de entrar en plantilla,
coitado, enfermou.
O infarto lañou ó emigrado
e o mouro industrial rescindiou o Contrato
deixando na rúa
ó vello labrego enxertado na vila.

PÓLIZA DE ACCIDENTES

ASEGÚN LLE PEDICHES,
o espertador
desfaise en vibraciós
alporizando
o teu cerebro en calma.

Érguete cedo
inda que haxa arroiada,
que faga vento
ou que esvares co lazo pola rúa.

Alanca forte! Que se vai o bus!

No arrabal da cidá
debaixo dun pendello de uralita,
nun taladro,
farás cen buratos minuto,
perante catorce horas.

Non teñas grimo!
Está previsto
que perfores un dedo
e o Patrón paga
póliza de accidentes!

O VELLO OBREIRO

I

XA LEVAS SEIS ANOS FACENDO HORAS EXTRAS
coa teima de erguer unha casa xeitosa
e crear un fogar que te acolla e convide
con risos de nenos e meles de esposa.
As festas traballas con fe e sen acougo
erguendo paredes, poñéndolles portas,
pisando sobrados, tellando, pintando,
sumido na idea da próxima voda.
Da ialba á serán, acotío e con presas
mesturas con mágoas aforros e forzas,
achandas camiños e fendes penedos.
Teu sino está escrito. Non hai quen cho torza!

II

Con mil negaciós, sacrificios e a tumbos,
lograches facer a cativa casoupa.

Xa tes os teus fillos criados, meu home,
e ateiga de amor o teu lar unha dona.
Ficaron moi lonxe os destallos acedos,
rubiches da vida as montañas mais outas,
quedou no recordo aquil neno meniño
sentado no colo a escoitarche as estorias,
levouse o reloxe a meniña riseira
que enchía o teu lar de garulos e xoia.*
Agora son iles que se abren camiños
con sudas arreo, con prantos e loitas.
O esforzo da vida enxamais topa fin...
A roda do tempo non cansa ni'acouga!

III

Chegache ós setenta e ninguén se decata
que aquil coitadiño petrucio da moca
que, a poucos, camiña nas rúas da vila,
gastou no traballo saúdes vizosas.
–Os nenos rebrincan e cantan e berran...
Con ledos chouchíos saíron da escola!
Ti espreitas, tristeiro, fiando lembranzas
e miras prás mans enrugadas... calosas...

IV

Moi perto rexouban dous mozos ye-yés...
Que verbas ouviches? Meu santo, ti soñas?
–Non sei por que Dios non arrampla cos vellos!
–Xa chama por il a podremia da foxa...!

V

O mozo que ledo facía horas extras,
o pai que contaba ós meniños estorias,
o avó que loitou toda a vida sen pouso...
non pode atallar o seu pulo... e chora!

* Catalanismo: *joia*, ledicia, felicidade.

HUMILDOSOS CADELIÑOS

O PATRÓN VELLO ERA BON HOME,
alternaba contigo
e cos teus compañeiros. Por Nadal
obreiros e burgués, xunguidos
nun xantar de irmandá,
reloucabades a carón do viño.

Erades xente nova. Vós, con folgos;
Il, sen millós pero un camiño:
as relacións humanas a facer
dos homes humildosos cadeliños...

E morreron os anos
e destes, deches, sudes a cotío
e medraron teus netos
e os fillos dos seus fillos...

Os teus siguen obreiros
co mesmo sino.
Os do Patrón son millonarios
a destragar pesos a fío!

RENTABRES DIVIDENDOS

O NETO DO PATRÓN VELLO
a teu carón
altivo pasa e teso.

Súa noxenta ollada
mágoate máis
ca unha labazada.

Findaron os xantares
da irmandá falsa
e os risos ledos de antes.

Medrou a Sociadá
–un home é un número,
un sumando namais.

Agromaron os xefes
coma zarrotes
para programar leises.

E o Capital bulrento
tirou das sudés
rentabres dividendos.

ES UN REFUGALLO

A TÚA DONA XA LAVOU
moitisma roupa de traballo.
Sodes dous vellos.
Esas maos deformes apuraron
os folgos todos
e o tacto.

Por que che estraña que o Patrón
queira pórte no paro?
Perdiche a lixeireza,
rebordache e alasas, meu coitado.
Agora xa non rendes; que estás feito
un refugallo!

CONTRATO

DE TRABALLO EN PERCURO,
dempois de longas camiñatas
polo arrabal fabril,
deche, ó fin, cunha porta franca.
As túas maos calosas
garabetearon nomes, datas;
namentras remuiñábanche

mil ideas na ialma:
Xornal, fillos, muller,
termar da casa,
catro meses baleiros,
comendo bágoas
porque a Crisis deixárate na rúa
sen doerse das entrañas...
Xa téis onde gañar o pan.
Traballas,
inda que a loita sigue
e as mouras inquedañas;
que soio por tres meses
as túas maos contratan...

Os días voarán. O Paro,
cal noxenta pantasma,
con gargalladas cónicas,
AGARDA!

EXPEDIENTE DE CRISIS

I

OBURGUÉS ESTUDOU COA XERENCIA
listas interminables,
números, nomes, peós, xubilados posibles,
xente moza, obreiros que inda rinden,
homes caducos, laranxos sen zume, escorridos.

O traballo minguou. Sobra xente.
A conxuntura impón roteiros novos.
Hai que despabilarse!
Non pode o burgués cobexar a tantísimo obreiro!

«Que veña o avogado! Que furgue nas leises!
Chamai conselleiros! Traguei os impresos,
que a crisis alanca facendo estropicio
nos cimentos do noso negocio zogado
por tantos larpeiros que viven á conta da Empresa!»

II

O Expediente de Crisis
ateigou os recunchos do taller
de neboeiros e meigas
que agoiraban tempadas sen pan
e meniños encoiros,
donas a pedichar nos postos do mercado
e homes buscando traballo na praza da vila.

III

«N'abondaron, meu amo, escrituras
nen falseiros balances pró Xuez.
Eu farei que lle mingüe a plantilla
de indireutos e vellos nun mes.»

«Bota a xente que xa non produce
–estou farto de vagos manter–
entramentras arranxo o Recurso
e preparo outros novos papés!»

IV

Quere Vostede, señor, xubilarse?
Sabe que a casa malvive un momento de crisis.
Coido que intresa coller un retiro
acorde coas arcas baleiras da Empresa.

Que non matinou tan xiquera tal cousa?
Estamos coidando pagarlle
dobrado o que marcan as leis
cada mes!

Quince mil pesetas sen erguerse cedo
na crúa invernía!

Quince mil pesetas
sen sudes no vrao!

Quince mil pesetas
sen vir ó traballo! De renta no mes!

Non chegan, dice, pra vivir as quince mil?
A dobra quer cobrar?

Que leva vintecinco xa
traballando na Empresa?
Non acepta...?
A Xerencia non dorme e verá
os manexos direitos ou tortos da vía legal.

V

Pola tarde vai cobrar recibos
o vello obreiro.
O sangue zorrégalle forte nas sens;
que non lle abonda o soldo.
O Burgués que il serviu vintecinco
longos anos,
cruza a Gran Vía
cunha rameira no coche de Sport
e o vello obreiro,
que non lle abonda o soldo,
obrigado a coller o retiro,
cuspe veneno e enxerga os seus puños ó ceo!

O LACAIO

ERAS FUME SOMENTES,
o derradeiro da oficina.
Vivías alugado,
recén casado,
nunha buhardilla.

Soupeche aloumiñar ó Xefe
e conxugache os verbos do lacaiio
ó dreito e ó rivés:
«anicrarse», «lamber»
no futuro, en presente e no pasado.

Asulagando ós compañeiros
o teu xornal estalicouse máis
deica franquearche as portas do Consello.

A estrada do porvir
ten semáforo verde!
Tripa, esmaga, encadea,
magoante alferrón, fera
vixiante de intereses!

Dille ó burgués, sinxelamente,
que teñen voluntá,
pro fállalles a base. Dillo, faino!
Emprega a túa cínica piedá,
lizmacha porcallenta,
contaquilómetros
do parte diario
ó amo!

OS DÍAS DA SEMANA

LUS: ABRINTE COMENZO, SUMA E SIGUE,
principio dunha nova etapa
no decorrer monótono
de ensoñadas espranzas.

Martes: Estrada longa e costaneira*,
chea de lama,
sempre a rubir
cara á meta lonxana.

Mércores: Parte o peito
nas fresas, nos taadros** ou na fragua!
Gaña o pan! O traballo dignifica,
enxendra forza e rexenera a alma!

Xoves: De sol a sol cumpriches
coa túa cárrega;

* Do catalán *costanera*, costenta.

** Mala adaptación, e innecesaria, do castelán *taladro*, trade. Deixámola porque ocorre varias veces, e algunha vale por dúas sílabas e outras –coma aquí– por tres.

cada quen terma
da súa canga!

Vernes: A mala estrela
abúrate onde quer que vaias
as inxusticias
son lousas que esmagan.

Sábado: Cobro mínimo. Non seña
que te arrepoñas. A soldada
ha ser xusta. A cubiza
o espírito emporcalla.

Domingo: Día santo. Prega os xionllos!
ergue unha oración de gracias;
que tes saúde e tes traballo,
respiras, ollas, soñas... Non che basta?

CUMPRE COAS OBRIGAS

HOXE É FESTA. NON SAIAS DA CASOUPA.
Esquece, acouga, durme, enxendra fillos,
non matines en festas
nin fuxas do teu circo.
As autopistas
feden a caravana.

Repón forzas,
non queiras coñecer,
faite o parvo e espreita o televexo.
Verás fútbol,
minifaldas arreo,
ledicia de vivir, facianas fonchas...

Esquece que se funden cartos
en esmorgas e enchentas.
Esquécete, por Deus!
No que outros esborrallan ti non penses!
e prega ó ceo perdón prós descarriados!

Namentras o burgué e os novos ricos
en restaurantes de sona
enchen bandullos con bistecs e tarta
e os porcos fozan
nos residuos da gula cristiana,
ti non caviles! Cumpre
nas fresas e os taadros,
coa eirexa e coa familia... Cada quen
apeita co seu fado!

O XAN DO PLURIEMPREGO

NUN RECANTO DA PRAZA, ESTALICADO,
descomponse un cadavre mentras brúan
os coches domingueiros que degoran
o sol da praia.

Mergullado no embrullo das ideas
o Xan do pluriemprego e das obrigas
atravesou a estrada pra ceibarse
da escravitude.

E ninguén se decata que aquil home
puido morrer na súa Terra,
ser esterco da Patria, ser mapoula,
tornarse fror!

NEGAREIME

PRA QUE VOU A CANTAR DO BURGUÉS,
larpeiradas, enchentas e frores?
Como pode empolar* o meu peito
unha cántiga ollando mil dores?
Mariñeiros que engulen os mares,

* Adaptación do castelán *empollar*, chocar.

silicosos mineiros que morren,
picariños que están sen escolas,
sen futuro, sen xeito e sen norte...
Con que liras pregades que cante
cando todas están desacordes?
Ergo os ollos e vexo manobras*
a xantar, sen compango e sen postres,
enzoufados no chao pra seguir
traballando sen folgo astra a noite.
Ás mañás o arrabal formiguea
–entramentras o rico inda dorme–.
No taller un cronómetro fai,
asañoso, teimudos controles.
Tal becerros na feira do quince,
en camiós e autobuses os homes
sán das fábricas méntra-los xefes
ruben, fonchos, nos rápidos coches.
–Hai escravos que sirven ós ricos
dende a ialba fozando hastra a noite–.

Como pode empolar o meu peito
unha cántiga ollando mil dores,
Que tristura o vivir dos obreiros...!
Que de aldraxes esmagan ós probes...!

Negareime a cantar e rezar
mentras haxa quen xure e quen chore!

NADAL: UNHA ESPERANZA

I

NUNHAS PALLAS ESPIDO,
a carón de María
o meniño gralea
e xoga coas manciñas.

* Catalán *manobre*, xornaleiro, peón.

Aldeáns e pegureiros,
sen medo á noite fría,
sabedores da Nova,
reloucan de ledicia
e achéganse ó Ruliño
con présas e a porfía
pra ofrecerlle regalos
e cantar panxoliñas.

Que de ensoños e festa,
de amor e algarabía!
Que fermoso o Deus-Neno
no colo da naiciña!

II

O pobo asoballado
agardaba ó Mesías
pra librarse de Herodes,
dos fariseos e escribas.
As concencias sinxelas
crían nas profecías
e benzoaban ó Pícaro
que algareiro sorría;
pero a Teocracia,
xorda ás verbas divinas,
non cre nos libros sagros...
Predica hipocresía!
Iles soñan co rei
do Imperio Israelita...
Non cavilan no pobo
que reclama Xusticia!

III

Xa ruaron moitismos Nadales
coa estreliña alumando o carreiro
que conduce ó barrelo do Neno
–Sinxeleza, Virtude e Amor–.

Gran rebumbio e ledicia no pobo,
esperanza de paz e irmandade...

Cada inverno rexurde o milagre,
flor dun día que axiña murchou.

Caifás e Pilato perxuran!
É falseira a lembranza do Rulo!
Barrabás anda ceibe no mundo
e a Xusticia agoniza na Cruz!

SÓ SE LAIAN OS PARVOS

ESCALECTRIS, SEMÁFOROS,
gases, frenos,
epilépticos bruídos, rodantes
caravanas de vértigo:
Trunfa a máquina, logro do esforzo viril.

Mocedá, mini shorts, maxis, midis arreo,
vida fácil que atopa
todo feito.
Diversiós. Estrenar. Destragar...

Só se laian os parvos. Os bicos son tenros
anque esteña na rúa un cadavre catro horas
agardando o Xuez.

VESTIDA DE ALDRAXE

VESTIDA DE ALDRAXE E MOURAS CUBIZAS,
de inxusticia arreo e eternas perguizas,
preñada de roubos, chea de ruindade,
afógame a bosta desta sociedade.

Os sete pecados a mallar nos servos,
alancan de cote fonchos e soberbos
e trunfa a luxuria e medra o ladrón
e campa o usureiro e vive o lambón.

Prós nosos meniños agroman, coitados,
futuros de bágoas con fel mesturados:
Ni'escolas ni'industrias, nin cencia ni'abeiro...
Un corgo lles queda: Fuxir ó estranxeiro!

E aínda hai poetas que cantan as frores
e falan de meles e ensoñan amores
e alaudan e gaban e baten as maos
e din, a porfía, que somos irmaos.

LOITO NA DIÁSPORA

A Xosé Lois Blanco Campaña

I

BERGANTIÑOS LONXANA QUE DORMES
arrolada no colo do mar,
no desterro xa levo trinta anos
e non sei cando poida voltar.

Dende neno na diáspora vivo
cavilando no patrio fogar...
Na bisbarra fermosa e lonxana,
que cantara Eduardo Pondal!

Da cidade os barullos e présas,
tal ferretes do mouro alacrán,
magoáronme a ialma, coitado de min,
astra mesmo sangrar!

II

Malpica das insuas Sisargas,
abeiro das aves do mar;
Encaixes en flor –Camariñas–.
Ti, Laxe, do longo areal;
Suaves veigales e fortes piñeiros
á beira do Anllóns, a fungar...
Muxía, das furnas e a Virxe da Barca...

–A pedra podrei abalar?–
Vimianzo, Fisterra, Dombate... astra cando
tereí que agardar?

III

«Dous milleiros de moinantes
noutras naciós espallados,
orfos de nai,
soñando cunha Patria
garimosa cos fillos,
ceibe e ricaz...»

Triste sino dos galegos
lonxe en terras alleas
pra gañar o pan!

Deica cando zugaremos
iste fel acedo?
Por sempre, Deus, quizais?

A EMIGRANTE

ONTE CHEGACHES PRA PEDIR TRABALLO
á gran cidade; que deixaches, dona,
os cativiños e o marido lonxe
nunha casoupa.

No asfalto e no rebumbio mergullada,
ninguén enxoita as bágoas que che escoan,
ninguén cavila na tristura infinda
que te aferrolla.

A túa ialma esnaquizada zuga
o fel acedo do emigrante sino,
e a todas horas, soia en terra allea,
soñas cos fillos.

Il non ten saúde; que a perdeu moi novo
tronzando toros, removendo pedras,
rozando toxos e cavando a bouza
na probe aldea.

Somentes quedan os teus brazos rexos
pra erguer a casa asulagada en tebras;
coitados nenos, de farrapos cheos...
como langrean!

II

Da noite roubas horas de descanso
e fas roupiña prós meniños teus;
comes codelos pra aforrar os cartos
do longo mes.

Non es ti soia! Se somentes ti
o fel beberas da inxusticia moura,
que abura un pobo, que atanaza a raza,
que nos esfolá...

Donas e mozas a milleiros fuxen
a terra estraña, percurando o pan;
que as leis non valen pra sandar as chagas
do probe lar.

Fica ermo o pobo. Soio quedan vellos,
homes eivados, silvas, corgas, nenos...
Galicia é fonte que somentes deita
prantos tristeiros.

III

Non canto á dona que no pazo folga.
Non louvo, NON, a enseñoreada lurpia
nen a burguesa que esqueceu a lingua
e a caste súa.

O meu poema, mesturado en sangue,
alauda a probe e a emigrante cansa

do vieiro longo, do camiño choído,
desfeita en bágoas.

Eu canto á dona que en lonxanos eidos
soña os seus nenos!

Eu canto á moza que en cidade allea
soña coa aldea!

Eu canto á avoa que acanea a filla
da súa filla!

BOTO DE FALLA O TERRÓN

TRINTA LONGUÍSIMOS ANOS ESMÁGANME A IALMA
sempre arrodeado de asfalto e ladrillos,
cheo de reloxes, minutos e présas,
homes que van desbocados, sen tino,
roxos semáforos, longas agardas,
metros que feden a sudas de eternos xentíos,
berros, protestas no bus, rempuxós,
masa de corpos que cheira egoísmos,
coches, tranvías, camiós,
claxons e motos que brúan e fenden ouvidos;
craras, patentes diferencias sociais,
brancos chalés, residencias de ricos,
tristes barracas no probe arrabal,
nenos sen pan, sen escolas e espidos...

Boto de falla o terrón,
choro magoadado, no cárcel da vila o meu Sino,
e ergo as palpebras ó ceo pescudando un indulto
pra ista cadea perpetua que vivo.

ANO INTERNACIONAL DO NENO

ONDE ATOPAR A POESÍA?

Adicado ó meu fillo Santiago

I

ONDE ATOPAR A POESÍA?

Na fror? Nos sentimentos? Na paisaxe?

No amor quizais? No corazón talvez?

No lumbrigar do día? No solpor?

A inspirada palabra do poeta
fai milagres. Il pode, sen esforzo, doadamente,
escolmar a bondade,

ollar a fermosura

sentir no máis profundo

o latexar da ialma.

O poeta é capaz de enfeitizar

no seu laboratorio espiritual

a podremia da flor,

a ruindá dun corazón...

O poeta, no crisol das súas químicas,

sempre adiviña a poesía.

Pero, onde sealcontra

a cheas, rebordante e pura?

II

Nos brazos dunha mai,

o meniño riseiro

é poesía.

Nos parques e xardís,

cheos de barullos e gralear de nenos,

existe a poesía.

No fogar e na escola,

nos camiños e rúas,

onde sealcontra un neno,

sentiredes o celme da poesía.

Cando iles bican

e mesmo cando choran,

seus sentimentos son tan verdadeiros
que deitan poesía.

Sen picariños,

do amor as fontes cegarían

e a poesía morrería.

IN MEMORIAM

NA MORTE DO MECENAS*

NOVAMENTES AGROMA A PRIMAVERA
leda, vizosa, prometendo o froito
da árbore e da roseira; pero o loito
entolda a nosa ialma: A ladroeira

aceirada gadaña fixo feira
seiturando o petrucio enxebre. Moito
perdeu a terra! Acedo pranto escoito
da Galicia magoada na outra veira...

O gran mecenas do saber galego,
o loitador dun fértil novo abrente
acouga en Chacarita coa inquedanza

do rexurdir da Patria e, no sartego,
xunto ó irmao Castelao, Manuel Puente
ergue o Pendón mesiánico da Espranza.

A CHÉ GUEVARA MORTO

TIÑA UN XORNAL NAS MAOS, BÁGOAS NOS OLLOS,
carraxe nas entrañas e bulleiro.
«Finouse o Ché Guevara, o guerrilleiro»,
lin no papel. Tremábanme os xiollos**,

magoado e apreixado por ferrollos,
esmagado co crime sanguíneiro.
Anoxado preguei: «Érguete, obreiro!
Despabila, aldeán; faceivos mollos!

* MRL mantivo densa correspondencia con Manuel Puente no derradeiro ano da vida deste emigrante rico e patriota, amigo, compañeiro e valedor económico de Castelao no exilio, que morreu o 23 de marzo de 1970.

** O orixinal impreso pon *xionllos*, que non fai consoante.

Eis que chegou o tempo da vinganza!
Pola Paz e a Xusticia berrai forte
nas fábricas, nas cátedras, nos agros;

que tornarse pomba de esperanza
o abrete que soñou. E a súa morte
postergará os apócrifos milagros!»

NO 25 ANIVERSARIO DE CASTELAO

FAI CINCO LUSTROS O SOLAR GALEGO
nas entrañas sentiu fondo arrepío:
o guieiro exiliado, santo e pío
xacía na friaxe dun sartego.

En pro do mariñeiro, do labrego
e da patria sangrante fío a fío,
loitou contra a inxusticia decotío,
gastou forzas, sumiuse, morreu cego.

Pero «Sempre en Galicia», a gran mensaxe
do líder galeguista, marca o Norte,
arde nos peitos, desafía a morte.

E seu espírito na terra fai romaxe
–non acadou o corpo a mesma sorte–
pra acoller con amor noso* homenaxe.

ORACION Á BEIRA DO ORBIGO

POR QUE, SEÑOR, MAGOACHE OS NÓSOS PEITOS
con tamaña disgracia?
Astra cando, Señor, o noso pobo
ten que sufrir tristuras e destragos?

* O orixinal impreso pon *o noso*, que fai verso hipermétrico.

Por que, meu Deus, a emigración,
as chuvias que asulagan labrantíos,
a polución que mata?
Tan ruín, Señor, é o noso pobo
pra ser merecedor do sacrificio
de inocentes criaturas?
Por que, meu Deus, por que te ensañas
co laceirado Xob
que garda a túa Lei?
Repara canto laio
e acórrenos, Señor!
Dálles eterna paz ós mortos
que enloitaron a nosa Terra
e enxerga e glorifica, xa,
teu pobo longamente aburado,
Señor!

SAUDADE NO BULLEIRO

En aquest segon llibre de poemes de M. Rodríguez hi ha un esforç constant, tenaç, per expressar la seva singular personalitat, valent-se de les formes pures i clàssiques de la seva predilecció. L'autor lluita amb energia i rigor per aconseguir el difícil equilibri entre els seus estats anímics personalíssims i un mitjà expressiu amb lleis pròpies, que sap conèixer i respectar, però que calia doblegar a les exigències fonamentals del seu pensament.

Amb versos de ritme mesurat, M. Rodríguez encerta a dir-nos la seva engoixa i tibant aversió vers els modes de viure estrets i opressius que ens ofereix la societat actual, la seva inquietut hipersensibilitzada en mig d'una permanent aspiració a un món més just, més normal i natural per ell i els seus germans; germans que són preferentment els de la seva terra gallega, però que inclou també a tots els oprimits d'arreu del món.

La raó de què m'hagi triat per presentar el seu llibre amb unes paraules en català, a mi, que no sóc pas un crític, ha estat el seu desig de mostrar la seva simpatia per Catalunya, acollint-se a una amistat que no podia desoir el seu honorós encàrrec.

ROGER CANICIO

Neste segundo libro de poemas de M. Rodríguez hai un esforzo constante, tenaz, para expresar a súa personalidade singular valéndose das formas puras e clásicas da súa predilección. O autor loita con enerxía e rigor para acadar o difícil equilibrio entre os seus estados anímicos persoalísimos e un medio expresivo con leis propias que sabe coñecer e respectar, pero que cumpría doblegar ás esixencias fundamentais do seu pensamento.

Con versos de ritmo ben medido M. Rodríguez acerta a dicirnos a súa anguria e tensa aversión ós xeitos de vivir estreitos e opresivos que nos ofrece a sociedade actual, a súa inquedaanza hipersensibilizada no medio dunha permanente aspiración a un mundo máis xusto, máis normal e natural para el e para os seus irmáns, irmáns que son preferentemente os da súa terra galega, pero que inclúen tamén os oprimidos do mundo enteiro.

A razón de que me escollera para presentar o seu libro cunhas palabras en catalán, a min, que non son un crítico, foi o seu desexo de amosar a súa simpatía por Catalunya, acolléndose a unha amizade que non podía desouvir a súa honrosa encargada.

ADRO

SINTO A NENEZ LONXANA,
arrebolando na eira,
xogando cun balón feito de trapos,
un tiracoios e aquil carromato.
–Son moi probes os Magos das aldeas
e os da vila non chegan ás bisbarras–.

Recordo enxamios de meniños
a correr, ceibes, polos nosos eidos
berrando forte
voces galegas, voces de onte,
voces de hoxe, de sempre, verbo antergo
arrecendente a viño.

Embrúllanme inquedanzas,
desexos e cubizas,
fames, sedes, agoiros
dun ben ausente. Cheira a morto
todo a meu carón. Soio cinzas...
Quen puidera aventalas!

Volvo, Xaniño,
de novo á túa beira
a falarche sinxelamente,
doente,
na lingua dos avós, con verbas
que deitan do mais íntimo.

Chego coa pruma rebordante
de pranto.
Na miña leira
murcháronse as roseiras;
que vin asoballado
o Dreito polo Aldraxo.

As fronteiras da Patria
están feitas de portas e autopistas
con ronseles eternos
de maos e peitos
que fuxen por obriga
e calan...

A terra durme envolta en sombras,
o pobo está ferido
e malfadado.
Quen coutará o meigallo?
Cal Cristo
rexurdirá que nos acorra?

A TERRA É UN CRUCEIRO

*A Chelito, Xesús, Xusto, Manolo, Latorre,
Mercedes, os pais e irmaos políticos
que inda viven na Terra.*

PREGO

I

INSPIRA O CANTAR DO TROBEIRO
cos teus agarimos e apertas;
as chans largacías e abertas
abrangue cos brazos, Cruceiro.

Acende co nume divino,
o fogo da verba faiscante;
que brile nos eidos e cante
teu longo espreitar no camiño!

Na ialma do vate cravuña
e estampa, sinxelo, memorias;
das túas enxebres estorias
ser quero fidel testemuña.

Cuberto de séculos e hedra
ti sabes de risos e dores;
ti sabes de mágoas e amores,
edoso Cruceiro de pedra.

Sentado a carón do teu pé,
agardo, afeuzado, que fales,
rei croado dos nosos veigales,
non vou sen ouvirte, abofé!

II

Saberás mil sabencias, trobeiro,
cantarás mil cantigas, poeta;
túas verbas gasállanme, ouh vate,
pola fe que puxeches na teima.

Albiscache a verdá:
os cruceiros non somos moreas de pedras.
O canteiro non ergue bonecos.
O canteiro ALUMEA!

Dános ollos e ialma
cando CREA!

De Villalba fidalga a Friol,
de Begonte a Abadín e astra Meira,
dende Outeiro de Rei a Cospeito,
sei de mouras cubizas e arelas,
sei de soños, lembranzas e feles,
sei de prantos, ledicias e festas,
sei de noivos que veñen de lonxe,
sei de noivas que saben a zreixas*.
Eu coñezo os camiños
das bisbarras chairegas.
Todos veñen, pra ollarme,
de lonxanas aldeas.
Miro foncho ós paisanos que ó verme,
garimosos, descubren a testa,
aloumiño os rillotes que xogan
e empoléiranse en min e me apertan,
abenzoo as velliñas
cando pregan
e se morre un labrego...
qué de bágoas acedas!
Nas foliadas do Santo Ramón,
cando escoito o gaitero e os poetas
meu atruxo
enche a veiga!

III

Canto sabe de estorias e lendas,
canto sabe de loitas e preitos,
canto sabe de Afonso Lanzós,
aquil Santo cimeiro dos servos.

Dos Andrades a Torre lanzal
parrafea de feitos antergos,
donairoso, fidalga e garrida,

* O orixinal escribe *creixas*, que non pode lerse como soa realmente esta forma reducida de *cereixas*.

co vedraio e baril compañeiro.
Ve medrar o río Miño, a carón,
coa ledicia dun pai o seu neno;
–qué lizgairo, enfeitado de lúas,
deprendendo a contar bidueiros!

Afondaron no cerne da terra
as raigames do vello cruceiro;
corazón, que latexa, somella
nas entrañas dos eidos chairegos!

ESTORIAS DO CRUCEIRO

I

IL DEGORA, CON TEIMA, SER CANTEIRO,
deprender a crear santos de pedra,
poetas coroados de verde hedra,
moimentos que falen e un cruceiro.

Pero aínda é un neno... un neno gaioleiro,
un picariño que relouca e medra,
valente e rexo, que enxamais se arredra,
nen teme o sol, nen lle arrepción o xieiro*.

Il vai co gando ó monte Carballedo
e longas horas, con afán cincela,
pra percurarlle vida, aquíl penedo.

Ninguén lle adeprendeu regras nen artes,
nen ten mais ferramentas que a martela
e o cincel, compañeiro a todas partes.

II

A pór de vocación o bon labrego
trocouse nun canteiro de gran nome

* *Xieiro* é un vento frío e seco.

e o pegoreiro de onte agora é un home
soado por artista e por galego.

Adicouse, afeuzado, ó seu emprego
e fixo que o Cruceiro de renome
eternas primaveiras sempre agrome
ollado pola xente con apego.

O rubro do canteiro ó pé labrado,
humildoso mestúrase coa terra
debaixo de Xesús crucificado.

A Virxe das Delores ten no colo
a Cristo morto. O cadro, como aterra!
Pra unha mai o seu fillo sempre é un rolo!

III

Estoupan os foguetes polo ceo,
a música enche tódolos recantos,
saen en procesión da igrexa os santos
e o camiño, afervoado, avanta cheo.

A mocidade enceta un parrafeo,
a vila esquece un intre dor e prantos,
da caste Celta óuvense enxebres cantos,
atruxos e o gaiteiro garuleo.

O Cruceiro, enfeitado con bandeiras,
preside a festa do Patrón do pobo
e abenzoa os paisáns e as sementeiras.

Non é penedo amorfo, morto ou cego;
é o compañeiro fidel, sempre novo,
fillo do inxenio do solar galego!

IV

Vello amigo da miña mocidade,
Cruceiro forte e rexo no camiño,
de cal fontenla as augas ou qué viño
bebes que azos che dá de eternidade?

Nómada sempre, dende corta idade
gastei as forzas, contra o meu destino,
sen agarimo, sen amor, sen niño,
loitando no arrabaldo da cidade.

Pra acollerme ós teus brazos sempre abertos,
fuxín daqueles lóbregos desertos.
Torno vello, fendido do traballo,
ermo na ialma, feito un espantallo.
–E pois, de mozo, nada che dei, morto
serei fiz*, feito estrume do teu horto.

V

«Ben chegado, meu vello, á miña beira!
Que esgurripiado vés! No teu desterro
non escoitabas o meu doce berro?
Por que á terra emigraches estranxeira?»

«Marchei coidando que faría feira
lonxe da Terra Chá.» «Pagáche-lo erro.
Agora, que cubizas?» «Ter enterro,
e o teu perdón na viaxe derradeira.

Serei herba ou mapoula, e cando o Norte
pase bicando as hedras e as ortigas,
ciscando ñas moléculas de morte,
xogarei, rebuldeiro coma os nenos,
a sementarme. E cantarei cantigas
enxebres, feito arguxos ben pequenos.»

VI

«Tódalas mañás érgueste, Cruceiro,
desfeito en bágoas. Que pasou, meu santo?
Por que tal desacougo, tanto pranto?
Olla que o merlo chirra no ameneiro!»

* *Fiz* está por *feliz*; cremos que esa forma do adxectivo non existe realmente.

«Non me fire o trebón nen o xieiro,
nen me aterra do corvo o mouro canto.
Choro polo emigrante, nun recanto
feito estrume no edoso cimitero!

O rodicio da diáspora n'acouga,
os adeuses ateigan as estradas
e a bisbarra chairega fica vouga;
que, en troques de xunguirse, a nosa xente
os folgos verte noutras chans queimadas
méntra-la Patria escóase doente!»

DIÁSPORA

*A Consolación, Xosé, Xosé Antonio e Amando,
curmaos emigrantes.*

CANTIGA DE ESCARNIO DO MAR

I

CON TEIMA E DESGABO REVÍROCHE O LOMBO;
que téñoche empencha, treboento oceano.

Es monstro lambón e larpeiro
que nunca o bandullo ves farto
e engules gamelas sen doerte dos orfos
e as mais que arreguizan cos berros e prantos.

Non brúes, finchado accionista
das vidas dos probes humanos.
Rendista que alongas a mao pra zugar
con medras de usura e asaño.
Burgués que acugulas riqueza nas tullas
e non te estarreces roubando.

Non tes corazón nin entrañas no peito,
deus morto, saudoso do culto idolátrico!

II

Eu quérolle ás rías que bican as praias
e abeiro lle prestan ós barcos.

Relouco cos mil regacholos enxebres
que enfeitan a Patria sen tolos arrautos
e adoro o patricio río Miño,
aorta abondosa a regar os veigales e os agros.
—Ás tardes desfolla unha sesta
debaixo das pontes romanas deitado!

III

A ti, empoleirado capón das mil cristas
que fungas acedo, lerchán e arriscado,
amigo falseiro, epiléptico mar,
traidor antropófago ouveante e salgado,
a ti, interminable autopista da España

que levas os nosos cerebros e brazos,
a ti, con xenreira, revíroche as costas,
soberbo oceano!

OUH GALICIA DO ALÉN QUE TE ESQUECES
dos irmaos abafados nas chouzas,
nas cidades, ribeiras e pobos
cheos de cangas, sen norte, nas sombras.

Non escóita-los prantos do vento
a chorar nas fendechas das portas?
Non tes mágoa dos nenos que medran
enfouizados na lama das corgas?
Ti que fas, emigrante galego,
pra rachar as enleas que afogan?
Os teus beizos non berran acedos
contra as chagas que deitan pezoña?
Arrenegas da raza de Celta?
Dis que sintes do berce vergoña?
Onde están os vencellos que xunguen
pra forxar unha Patria sen coitas?
Non te lembrás dos peitos da mai
e perdiches da caste a memoria?

Porque vives millor, inda lambes
a quen pecha o teu lar e te bota
ós rochedos do mundo en demanda
dun recanto e dun chisco de esmola?

Cando coidas erguerse, Galicia,
no Alén Mar emigrada e na Europa?
Cando vas espilir a priguiza
e brandear a Bandeira con forza?

Mentras durmes nun sono molengo,
a xiada devala asañosá
nas bisbarras da terra dorida,
esfameada e sen azos prá loita!

Escorrenta o malfado e acórrenos!
Destemida, desprega e arbola,
como un facho na noite emboutada,
o Pendón que nos leve á Vitoria!

*Non pode ter felicidade cumprida
pobo que en coroar seus xenios tarda*

LAMAS CARVAJAL

AS LÚAS ESPREITAN DE NOITE
nos ceos enloitados e choran
bagullas na aldea durmida,
cuberta de lama e de bosta.

Os lobos ouvean na fraga,
a serpe asubía na corga,
o can de palleiro sornea
e as ras no trolleiro crocroan.

As loitas guerreiras, saudosos
os castros desertos recordan,
e os bardos que len nas entrañas,
e os lumes sagrados de outrora.

Xa naide se lembra dos deuses
dos nosos antergos, nen soan
nas noites de lúa, valentes,
os brados guerreiros que axordan.

Morreu da Nación a orguleza,
perdeuse da caste a memoria!
No mundo, ciscados, a tumbos,
sen Patria... vivimos de esmola!

Que agardas, Galicia emigrante,
sen lume no peito? Que coidas,
irmá da Cornualles, da Irlanda,
da vella Bretaña e a Escocia?

Esperta do teu durmiñar
e dáte, afoutada, á laboura
de erguer o Moimento da raza
que brile faiscante nas sombras!

Os deuses, noxados, cubizan
un Dolmen á súa memoria;
namentras non vibren as almas
os corpos serán cinza morta!

Baleiro de Ideas e Xenios,
sen Facho que alume a Vitoria,
un pobo non bota raigame
nen é merecente da Gloria!

GOZOS DA VIRXE DO CARMELO

VIRXE SANTA DO CARMELO,
avogosa mariñeira;
atende o rogo sinxelo
das aldeas da ribeira.

*Polos Cravos da Paixón,
escoita a nosa oración!*

Ti podes tornalos vivos,
ceibes das gorkas do mar
que, con arrautos altivos,
os quixera asulagar.

*Polos Cravos da Paixón,
escoita a nosa oración!*

Arrepiante berra e brúa
e avanta estarecedor;
da morte a friaxe crúa
ergue remuíños de dor.

*Polos Cravos da Paixón,
escoita a nosa oración!*

Esfáchícanse en migallas
polo mar lúas e estrelas;
arrinca mastros, fustallas,
e engule, fero, gamelas.

*Polos Cravos da Paixón,
escoita a nosa oración!*

Válenos, nosa Santiña,
Santa mai do Redentor;
tráino-los homes axiña
polas Chagas d'El Señor!

*Polos Cravos da Paixón,
escoita a nosa oración!*

O BULLEIRO DA CIDÁ

*A Manoel, Xosé, Modesto, Benito, Delmiro,
Benino, Seve, Antonio, Alexo, Salustio,
bos amigos galegos na gran cidá*

CIDÁ, XIGANTE CIMITERIO
de milleiros de covas,
avenidas e rúas,
asfalto, coches, claxons, présas tolas
Que che fixen, ingrata, pra conmigo
amostrarte asañosá?

Meiga chea de achaques,
podre por dentro, virxe por afóra,
non me queiras tentar!
A min non me engaiolas!

As túas construcións
nichos somellan, si, que se amontoan
ó longo dos paseos. O xentío
que atenzas é masa amorfa,
e as frores que te enfeitán
acanche tal caroutas!*

Co teu meigallo as xuventudes
arrincan das paternas chouzas.
Dáslles baile, cemento, touros,
moblés** e fútbol, dáslles drogas.
Enxendras vicio e usureiros,
homosexuales e candongas.
Afóga-lo arrabal fabril en fumes
e amoreas familias en chabolas.
Anícraste diante do burgués
e repartes na Bolsa
os dividendos que amasaches
con sacrificios, sudas, mágoas, forzas...

Cimiterio noxento,
a min non me engaiolas!

* Probablemente *caroutas* é cruzamento entre *carauta* e o catalán *carota*, co mesmo significado.

** Adaptación de *meublé*, máis ben no sentido de casa de citas.

NOVAS DOUTRINAS-NOVOS DEUSES

I

TIÑA O PROMOTOR SANO CORAZÓN.

Sabía que todo viña del Señor.
Home progresista e posconciliar,
axiña esqueceu a antiga piedá.

«Hai que se anovar e poñerse ó día.
Hai que desbotar vellas teogonías.»

II

Cismando, cismando, o bon Empresario,
mergullado en éxtasis, ollou un balón,
veladas de boxeo,
corridas de touros, ritmo e canciós.
E créndose un novo celestial Mesías,
dos ceos un Mandato escoitar coidou.
Que queres un tempo? Que te adoren pides?
Meu santo bieito, prostrado rezou:
Serei teu apóstolo na aldea e na vila!
A grea erguerache a súa oración!
Por terme escollido pra ser o teu servo,
farei que os humanos che den seu amor.
Por riba dos prantos e da ruín materia
ha trunfar o sagro Deus da Diversión!

III

Constituída a Sociedade Anónima
baixo a xerencia
do Promotor,
xurdía faiscante a nova igrexa
con estatutos, dividendos
e un craro lema:
«A diversión e o sport
fan almas rexas.»

Apoderados, máxaxers,
psicólogos do espírito da grea,

gregos do gran Pontífice, sabidos
na nova cencia,
cátedras meritísimas
de Propaganda e Prensa
e creadores de Herois
ateigaron a terra.

Das panteístas Romas cubizosos
e os mitos gregos,
estadios-catedrales
xermolaron arreo.

Os ídolos medraron
feitos deuses do fútbol, do boxeo,
do cine, dos divorcios,
dos touros e do televexo...

E namentras o pobo santo,
na propaganda inmerso,
esquecendo os xornales mínimos,
rise e palmexa satisfeito.

IV

Reunida a Asamblea, o Secretario
ós accionistas informou:
«Polo gran futbolista Serxiberto
–ten moi bo toque de balón,
craros refrexos,
e vai sempre dereito a gol–,
o Realísimo Club Zeta
pagou trinta millós.
Afirma o tesoureiro que é rentábel.
Só pide libertá de opinión!
Que a prensa fale. Que coñeza o pobo
a grande adquisición.
Nos postos de traballo e nas tabernas
que falen libremente, sen temor!
Esmagarémo-lo Sportiv!
Seremos campións!
Moitedumes e primas, puntos,

viaxes, comisiós...
Encherémo-lo estadio. Seguiremos
vivindo á conta da Afición!»

V

O derradeiro «Clinch»
do gran Campión,
na escintilante noite,
mesturouse cos berros da afición,
que, posta en pé,
o verediuto festexou.

Do mánxer cercado,
da prensa e do magnesio, o boxeador
ó ceo enxerga os brazos:
Son o millor! Son o millor!

A grea enrouquecida e tola
arremuiñándose a carón
do novo Dios,
o batín esgaxoulle a tirós.

Inda groggy, o vencido, nos ouvidos
ecoándolle o «gong»,
silandeiro alonxouse
co seu Preparador...

VI

Conxuntos, ritmos, baterías
e guitarras eléutricas.
Cantantes guedelludos
que se retorcen, súan, berran.
Desencaixadas bocas.
Bruídos e estridencias.
«Gravar», «Guateques» e «Tertulias»,
«Éxito» «Festival» «Pesetas»!

E pertiño do seo dunha «FAN»
unha tarxeta

co Autógrafo e a foto sacrosanta
que abeirou a reliquia anterga...

*Se iste é o mundo que eu fixen
que o demo me leve*

M. CURROS ENRÍQUEZ

UNHOS INTRES NA AREA DIANTE OS CORNOS DUN TOURO.
Trunfos, orellas, rabos, pérolas e tesouros.
«Su Majestad el Diestro» gañou medio millón.
Medra a conta corrente. Hai esmorga e folión.

(Por muleta, un fanelo. De estoque, unha vasoira;
A muller da limpeza traballou as oito horas.
No seu bulsón mendado gardou as cen pesetas
pra mercar pan e fabas e unha presa de verzas.)
Soldo fixo, dietas, comisiós e quilómetros.
Quince, vinte mil pesos, clientes, cheques, cobros:
o Señor Viaxante co amigo Intermediario,
para repoñer folgos, descansa nun balneario.
(Primas, destallos*, sudes, camiós, carga e descarga.
Mil duascenas pesetas nunha longa somana...
No tempo libre vai a un taller do arrabal
e con tres horas extras estalica o xornal!)

Arrepiante resume: Un cantante de sona;
Cen, douscentos, trescentos millós nun ano. Outra:
Novelistas de «Bluf», locutores, cineastas,
deuses da Diversión, conselleiros de Banca:
Branco chales, turismos, boites, drogas, millós,
esmorgas outra volta, incenso e máis millós

Moralex: Un toreiro gaña o soldo
de trescentos obreiros á somana.
Un cantante produz nun ano
a nómina de catro fábricas.

* Falsa palabra forxada sobre o castelán *destajo*, no canto da moi usual *axuste*.

Un Conselleiro firma
dez nóminas coas respectivas pagas,
e a unha estrela de cine, envolta en xoias,
anóxanlle as barracas.
«Se iste é o mundo que eu fixen...»
Curros ten a palabra.

MENIÑO NEGRO

VINTE NO COLO NA NAICIÑA TÚA
no bus ateigado astra os cumios. Vin
os teus olliños grandes, faiscantes,
cravarse en min.
–Beizos grosos, cabelo ensortellado
e dentes de marfil,
bule-bule, riseiro
como as augas de abril–.

Polo bus arrolado, deuche o sono,
meu Querubín,
e fichaches sorrindo coma un anxo
da túa mai nos brazos a durmir.

Que soñabas, meniño
da caste de Martín Lutero King?

Abrín o xornal: «Morte en Alabama
dun negro a tiros. No Mississipi
membros do Ku-Klux-Klan
afogaron dous negros. Mister Smith
proclamouse racista na Rodesia
co amparo do fusil.
Classius Clay vence por rotundo kao
fóra do ring
–Non quer matar en Vietnam
os irmaos dil,
irmaos polo abafallo e as angurias
dun acedo vivir–.

Nos garimosos brazos dunha negra,
un filliño, a soñar, durme feliz.
Non o espartedes!
Calade! Deixaino durmir!

FUME, BOMBAS, CANÓS,
tanques, lume, destrago.
Palestina, Biafra, Vietnam:
ricaces dividendos no Pentágono,
moreas de meniños
e vellos langreando,
longas chairas sen pan
sen o bico do arado,
feras alporizadas en percuero
doutros recantos
a fuxir do Homo Sapiens
supercivilizado.

Homes na lúa.
Trunfa a tecnocracia.
Na terra contubernios e destrago
de Libras, Dólares e Francos.

Entramentras, os mortos amoréanse
nun arrozal macabro
e os vermes estoupan de fartos!

NOS CEOS REVOAN OS CORVOS
famentos de morte,
Na terra os vampiros das sudes
mil mañas ensaian de cote
xogando a zugar nas entrañas do probe.

Hai pitas de aldea
que fartan o buche de miocas.
Hai homes que chegan ó mundo
cun feixe de obrigas ás costas
que esmagan e afogan!

Sabidos letrados malgastan miolos
furgando nas ordes e códices.
Teimudos psicólogos,
abades, políticos,
lexiós de afervoados filósofos
barullan cos Dreitos do Home
que sigue agardando namentras non morre.

Hai leises que amparan ó escravo,
encíclicas, libros e mil manifestos...

Hai boas ideas
que xurden nos peitos sinxelos...
pro a moura cubiza rexouba alteirosa
ben farta co sangue dos servos.

DICEN QUE ALUMA O SOL,
que existen faiscentes cores:
Verde namela, verde millo,
solpores,
roxos, marelos,
azul infindo. Pode
que sexa verdá. Coido
que non minten os homes
que xuran a existencia
das cores;
pero eu somentes vexo
ista fonda negrura que me tolle!

SEICA HAI PERSOAS
rodeadas de lacaios
que non saben de fames, nin de traballos,
usan culler de prata
e viven nos millores pazos.
Seica hai persoas que enxamais sentiron
na carne un bico xiado,
nin saben de trolleiros
nin do sobre dos sábados.

Dicen, contan e falan que pra Deus
todos somos iguais.
Será...
Calo!

QUE BRINCOS DE LEDICIA
cravarse nos miolos
da noxenta inxusticia!

Se eu fora unha aguillada
con magoante alferrón
na morralla espetada...

Se puidera no mar
as humanas cubizas
pra sempre baleirar...

En andias a Xusticia
–romaría e foguetes–
que brincos, que ledicia!

A COROA QUE ESMAGA

I

PERANTE LONGUÍSIMOS TRIENIOS ERGUÍCHESTE, OBREIRO,
na crúa invernía, con choiva, con neves, con vento.
Suaches camisas raxadas no cálido vrao.
Na fresa, nos tornos, na forxa, gastáche-las maos.
Quince horas diarias mazáche-lo corpo e agora
atópaste vello, asucado de enrugas, sen forzas...
Coitado, que mágoa me dás!
Embázame os ollos coidar
que o mundo pra ti foi somentes traballo,
obrigas e leis, ir e vir alasando,
loitar polos fillos, pra erguer a familia,
e cando chegaches ó meio da vida,
semellas mais ben un pelexo
zugado, escorrido, sen folgo, sen tento...

II

Caíches no leito aqueixado dun cancro mortal;
mais ti non sospeitas, meu Xan, o teu Sino fatal
e cres nas palabras do médico
e coidas saír dise inferno,
e botas de falla o taadro
e soñas co sobre marelo dos sábados!

O cancro, no estómago teu, vai sen présas,
burlista, pudríndoche as células.
Está dando fin o teu duro camiño de servo,
e aínda unha lus que te sande percuras no ceo!

Magoantes, teus berros de dor, na agonía,
espétanse feros no meu corazón. Fóra brila
queimando penedos, o sol.

III

Xa sabe o Burgués que morriches e fixo mercar a coroa.
O vello taadro produce mais que antes nas maos dunha moza...
Ti xa eras prá Empresa unha cárrega...
A máquina, agora, reporta máis fortes ganancias...

Non vai o Burgués ós enterros dos seus xornaleiros,
pro págalles soldo completo
a seis camaradas, a máis da coroa,
e dá diplomático pésame á dona.

«Il era moi bon. Enxamais con problemas...
Deus fíxolle un ben con botalo prá terra...
Xa nada podía facer cos seus brazos gastados!»

IV

Camiño da cova xa levan teu corpo; pro naide sospeita
que as frores esmagan como unha peneda.
Decátaste que eras somentes un número máis
no Debe e o Haber, que cumpría pagando un xornal?

No cimo do outeiro co mar ós teus pés,
namentras abonas a terra, o Burgués
está a fabricar máis estrume
con tornos e fresas... destallos e sudes...

ES UN CABALO VELLO.
Cando o viaxe era longo,
a calqueira hora,
cando os pedidos tiñan présa de telegrama,
o Patrón gallopou riba de ti
e fartoute de millo.
Fuches o seu burro de carga.
Encheu o teu bandullo de herba seca,
peiteouche a crin asegún as comenencias
e cravouche as esporas.

Agora es potra vella e teima
facerche expediente por baixo rendimento.

De boa gana
te vendería a prezo de morralla!

EPÍLOGO

POR HOXE DÉIXOTE,
pro non coides, Xaniño,
que xa ten rematado o meu cantar.
Pasa o vento peiteando o millo,
ciscando as follas,
agarimando a iauga inqueda,
que emigra esconsolada polo Miño.
Funga, ouvea, zorrega,
acouga novamente, faise bico
nas ponlas
dun edoso castiro...

Esperta o sol cheo de roibéns
e enceta
xeneroso o camiño,
alumando a maos cheas,
espallando benzós e risos.
Un día embrúllase na brétema,
outro xoga a facer linguas e guiños,
arrequeita ás vegadas. Outras queima
e fai suar a fío.

Igual
o meu espírito
outro vento, outro sol,
murcho ou con brillo,
zoando ou calado,
está sempre contigo!

ONTE E HOXE VIVENCIAL

LIMIAR

A Manuel Rodríguez López e a min xuntounos unha vez o Méndez Ferrín no seu luminoso libro *De Pondal a Novoneyra*: nós somos, segundo o mestre, dous dos poetas modernos do suburbio e da fábrica.

Quizabes foi eso o primeiro que me uniu co Manolo, pero despois viñeron moitas cousas máis. Nos seus derradeiros anos –quen podía pensar daquela que o eran!– Manuel Rodríguez honroume moito a miúdo coa súa conversa, e eu honreime coa súa amizade, gocei da súa sinxela bondade, asombreime arreo coa súa inocencia.

Esa inocencia convertíao nun home un pouco desamparado, exposto ós comenciados e ós aproveitados que percorren triunfantes os camiños da vida. Pero a el non parecía importarlle. Quizais tampouco non se decatara da falsía de moitos sorrisos: a súa anxélica inxenuidade poñíalle unha venda nos ollos, e defendíao contra moitas verdades tristes.

El tiña unha relixión, a da poesía e a cultura nacional. O nacionalismo de Manuel Rodríguez alimentábase da lingua, da historia e das tradicións, e tamén –ben o di el nalgún poema deste libro que innecesariamente prologo– na paisaxe. Na paisaxe como refuxio do espírito, porque malia a súa inxenuidade, ás veces ó poeta non lle queda máis remedio ca saber «de moitas promesas e ditos incumpridos ó longo dos anos» e «de xentes que dan noraboas, parabéns e saúdos falsarios».

Manuel Rodríguez foi, si, un poeta do suburbio e da fábrica, e tamén un poeta da nostalxia campesiña, un poeta patriótico e civil, un bardo na gran tradición nosa que informan Manuel Curros e Cabanillas, cos que tanto ten que ver, mesmo na música do verso. Dentro desa relixión viviu a súa vida enteira, curta de máis, tronzada no medio da madurez. Entendeu tamén este Manuel de agora a poesía á maneira dos grandes vates populares da era que inaugurou a Revolución Francesa, aqueles coma Rouget de Lisle ou Eugène Pottier, que compuxeron as cancións máis cantadas polos pobos do mundo, polos *damnés de la terre*.

E o lugar do seu asentamento final, volto xa da longa emigración catalá –para cando editará* a Xunta de Galicia a súa exacta tradución en verso de *L'Atlàntida* de Verdager?–, a vella cidade de Lugo, foi a raíz do seu último canto, deste libro, lector, que tes nas mans, feito «con linguaxe directa e espida», pero non tanto que non se adorne coa harmonía do verso clásico que lle fai labrar

* Esta tradución foi finalmente publicada, post mortem coma tantas cousas.

poemas severos e musicais, cheos de fulgor de pedra vella e dun nacional orgullo que nos conmove. E a sabenza métrica permítelle tamén –esta vez si– labrar algún soneto perfecto, coma aquel ó muíño abandonado da Fervedeira; ou tecer o romance maior adicado a Mónica, morta ós doce anos, quizabes un dos seus mellores poemas; ou cantar feitos pasados e presentes da cidade con namoradas palabras, non exentas en ocasións do ferrete irado ou irónico.

Unha melancolía de boa lei, unha nostalxia suave, unha nobre contención, atravesan este brevísimo poemario que é a derradeira chousa de versos que o Manolo nos deixa en herdo a todos nosoutros. E séxame permitido louvarme dunha nova coincidencia entre a miña poética e a súa: tamén eu adiquei un libro enteiro á celebración de Lugo, esta vella cidade ou fraga amurallada que se poboada dos que vimos de ó redor, ora de Roás, ora de Paradela, onde Manuel Rodríguez repousa xa na terra que tanto amou. Na nosa memoria acouga a súa lembranza, e o seu espírito está nos libros que deixou, lector, e sobre todo neste que garda o seu derradeiro alento lírico.

DARÍO XOHÁN CABANA

XUSTIFICACIÓN

QUERO SER CEIBE

CON LINGUAXE DIRECTA E ESPIDA
tecerei un cantar transparente
aloxado de círculos pechos
e artificios verbais que me arreden
do posible lector.

Canto a historia
do Conventus romano lucense
con palabras sinxelas e claras,
comprensibles a tódalas mentes.
Non me importan do crítico estéril
os xuicios.

Eu quero ser ceibe.
Que eles sigan a dar luz e incenso
ás vangardas e escolas que emerxen
ondequera.

Nihil novum sub sole.
Son consciente.

LUCUS AUGUSTI

CIDADE MULTICÉFALA, ROMANA
na coroa, no centro medieval,
nas vagoadas do Miño señorial,
extra muros moderna, áxil e ufana.

Outra non hai igual nin máis galana,
castro sagrado, Lucus ancestral,
sinfonía de pedra e de cristal,
bimilenaria, imperial e humana.

Éme fácil cantarche, meiga vila,
porque es acolledora, branca e pura
e colmas meus anceios con fartura.
Es coma un sol radiante que escintila
e me redime con latente lume
deste longo vivir cheo de acedume.

NO SUBSTRATO DOS TEMPOS

O ESPÍRITO DAS CITANIAS

«**O**ESTRIMNIOS» CHÁMAOS RUFO AVIENO.

Adoraban a lus, o sol e as augas.
Eran tribos agrícolas-gandeiras,
comerciaban cos pobos da Bretaña
e vivían nos cumes do Noroeste
en cabanas redondas e ovaladas.

Segundo Estrabón, tiñan por comida
o miúdo maízo e pan de landras.
Sacrificaban bodes e cabalos
ás deidades denantes das batallas.

Como acontece a miúdo hoxe en día,
Estrabón escribiu cousas fantásticas:
que bebían cervexa en vez de viño
e ó seren unha raza ruda e bárbara,
en troques dos coidados á parida,
practicaban os homes a covada.

Pero antes xa escribira o gran Polibio
que Galicia é unha terra afortunada.
Os gravados rupestres xeométricos
e os contiosos achádegos nas mámoas
–armas de bronce, torques e vasillas–
confirman a súa gran puxanza,
aumentada ó chegaren os Saefes
coas ferreirías e a deusa Poemana,
que no castro de Lugo presidía
o culto ofiolátrico de Hallstatt.

Das tribos que poboaron o Fisterre,
deixounos Tolomeo fiel constancia
e, coma principal, destacou Plinio
ós Caporos de Lugo e Iría Flavia.

Portadores do liño e o centeo,
dos novos invasores a camada,

vencellada cos Saefes e os Oestrimnios,
marcou unha ditosa e nova etapa.

Pasaron longos séculos pero aínda
perduran nas vivencias e nas danzas
do noso pobo, fiel ós devanceiros,
o espírito imperante das citanias.

CANTAR DE CEGO

ESCOITEN O QUE PASOU
nesta cidade sagrada
no catrocentos sesenta
durante as festas de Pascua.
O pobo cristián unido
en relixiosa xuntanza
estaba a canta-los himnos
triumfantes de acción de gracias
ó Señor resucitado
cando as traidoras armas
do usurpador Remismundo
alancaron sanguinarias
entre a moitedume atónita,
que contempla alporizada,
ante o bispo degolado,
como seu templo esborrallan.
Cinco décadas de paz,
por Hermerico encetadas,
nas que o pacífico arado
substituíra as feras lanzas,
trocáronse en moura ruína,
lume, saqueos e bágoas.
Así empezou o devalo
dunha nación que agromaba,
asentada na irmandade
suevo-galaico-romana.
Así tronzo Remismundo
as conquistas do rei Franta
e a metrópole lucense
voltou ó poder de Braga.

MUZA E ALMANZOR EN LUGO

POR MÁIS VECES QUE O INTENTARON,
Lucus Augusti romano,
non te puideron domear
os feroces mahometanos.
No setecentos catorce,
ás ordes dun Muza ousado,
matan xentes inocentes
e saquean os teus castros;
pero as mesnadas cristiás
firmes avanza ó mando
do rei Afonso Primeiro,
o Católico Asturiano,
e a ansiada paz reverdece
mentres que o bispo Odoario
reconstrúe esta cidade
pouco a pouco, paso a paso.
Setembro de novecentos
noventa e sete. O espanto
adónase da bisbarra
ante o tropel dos cabalos
invasores que se achegan
causando morte e estragos.
Eros, Fernando e Otón,
nobres condes esforzados,
convocan na catedral
a tódolos seus vasallos
e diante da Virxe xuran
morrer a feito loitando
denantes de se entregaren
ó xefe dos mahometanos.
Os máis afoutos guerreiros,
da muralla no máis alto,
aceiradas frechas lanzan
contra o bereber oufano
incapaz de abrir un oco
no baluarte romano,
e o astuto Almanzor decide
mante-lo asedio, pensando
nunha fácil rendición

debida á fame e cansazo;
pero os lugueses indómitos
manteñen os mesmos azos
e a comenzos de novembro
o sarraceno, anoxado,
ordena finda-lo cerco
tras falar cos emisarios
que lle ofrecen, coma burla,
un bolo de pan e un año.

XUSTIZA POPULAR

Ó REMATE DO SÉCULO CATORCE
burgueses, bispos e feudais, de novo,
enceréllanse en liortas e batallas
que, coma sempre, sofre e paga o pobo.
O bispo Pedro López de Aguiar,
confesor de Don Pedro, faise o xordo
ós mandatos de Henrique das Mercedes.
Con Fernando de Castro vai de acordo
e, a pesar de morre-lo Xusticeiro,
el segue a dominar almas e corpos.
A plebe escravizada esgrime as fouces
contra tanto tributo, tanto imposto
e, ás ordes de María Castiñeira,
a vinganza florece en sangue e fogo.
Conseguirá escapa-lo bispo Pedro,
pero a morte sorprende ó fiel mordomo
e as loitas continúan contra a Mitra,
destemidas e rexas, sen acougo.
En Lugo a violencia fai estragos.
Don Lopo, o novo bispo, fica morto.
É o pobo desvalido e sen porvir
quen fai xustiza tras anos sen conto
de dominio feudal, de mansedume,
de vivir á miñoca, cheo de loito.
Lustros máis tarde, a causa popular
faise irmandiña e, con maiores folgos,
de María Castaña a sementeira

acadará vizosos novos froitos.
Agora son os nobres e os castelos
quen non resisten o furor teimoso
das mesnadas de Afonso de Lanzós,
Diego de Lemos e de Pedro Osorio.

FALSA VISIÓN

O ESPÍRITO DA TERRA, DA AUTÉNTICA GALICIA,
non está na ruindade de agarimo tinguida.
Non é sublevación pra acada-lo poder
ou engana-lo pobo para servirse del.
Non podemos dicir que o conde Rodrigo
se sublevou en Lugo por puro patriotismo.
Aconteceu que estaba o rei Afonso Sexto
loitando contra os mouros e, para o seu proveito,
quixo coroarse rei, facerse independente.
Non pretendía, non, unha Galicia ceibe.
E tampouco Solís anceiaba librar
a auténtica Galicia do dominio central.
As teimudas paixóns, na cidade e na aldea,
manipularon sempre o Espírito da Terra
como está a acontecer a cotío hoxe en día
no comercio, nas artes e nas loitas políticas.
Mesmo Afonso Reimúndez corooouse en Compostela
e converteu seu reino en feudo de Castela.
«Anguriada Penélope», «Galicia boi de palla»
chámana os seus poetas en vendo tanta mágoa.
Confunden o Espírito* da nosa Terra enxebre
cos pulos maquiavélicos de repelentes vermes.
Falsa visión. Galicia, o Espírito da Terra,
é vivencia e linguaxe, luz e vizosas veigas,
o que sente o emigrante en lonxanas nacións,
o que poucos valoran no seu propio terrón.

* A métrica esixe aquí esta acentuación, que ademais é popular en certas secuencias sintácticas.

VIRXE DOS OLLOS GRANDES

POR QUE IMOS DUBIDALO?

Puidera ser verdade
que viñeras a Lugo
como dice* Pallares.
Por que imos a negar
que serena pousaches
para o inspirado artista
con señorial semblante?
Perfecta de faccións,
Virxe dos Ollos Grandes,
no teu colo Xesús
non cansa de mirarte
e os anxos rebuldeiros
ó redor, exultantes,
oval coroa técenlle
á túa augusta imaxe.
No decorrer dos séculos
esa mirada suave
foi celme para eivados,
consello para abades,
forteza do rei Casto,
que che rende homenaxe,
e nume do rei Sabio,
cantor dos teus milagres.
Ós teus pés dona Urraca
ofrenda vasalaxe
e o santo de Mezonzo
compón e reza a Salve.
Odoario e San Froilán
nas antigas idades,
coma hoxe, proclamábante
doce nai de bondade.
Na barroca capela,
Virxe dos Ollos Grandes,
continúas a reinar
nas mentes e no sangue

* O orixinal impreso pon *di*, pero a métrica esixe a forma lucense *dice*, habitual en MRL.

con ese teu polícromo
ollar de maxestade.

SAN FROILÁN

NA CATEDRAL LUCENSE ECOAN
os gregorianos cánticos relixiosos
en louvor do Patrón,
o milagreiro San Froilán. E o pobo
axoéllanse diante das reliquias
do Santo con piadoso arroubo,
namentres os foguetes esfachícanse
na cúpula do ceo con grande estouro.
Santa Froila, no pétreo sartego,
verte bágoas de gozo
e as oracións dos fieis,
neste día outonal e venturoso,
soben ás bóvedas da vella sé
mesturadas co incenso, amodo.
Mil e cento cincuenta anos
hai que naceu o excelso patrono,
moi preto da muralla, no lugar
do regueiro dos Hortos.
Moitos soles e lúas
percorreron os ceos sen acougo
desque fiel á chamada do Evanxeo,
aprendido da santa nai no colo,
tripou congostras, páramos e chairas
rebordante de pulos apostólicos.
Nos corazóns aínda froitifican
con anovados folgos
o ensino do eremita medieval,
fundador de cenobios
en terras de León reconquistadas
ó invasor mouro.
Dende o altar, con carisma episcopal,
noso Patrón imparte bendicións e consolo,
presaxia paz, amor e irmandade.
A cidade de Lugo é un fervedoiro

de xentes que festexan San Froilán
e ata o seu compañeiro, o lobo,
cargado coas alforxas,
síntese fachendoso.

SAN ROQUE

TRANSCORRERON DOUSCENTOS LONGOS ANOS
dende que pola túa intercesión
da cidade de Lugo a poboación
librou duns xermes víricos arcanos.

E para celebrar teu día, oufanos,
acompañan á leal Corporación
e ó Cabido cada ano en procesión
ricos e pobres, cregos e paisanos.

Peregrino, co can e coa cabaza,
no cume da capela ollas contento
as xentes algareiras e festeiras
namentres nos xardíns da meiga praza,
Montes, no pedestal, con grave acento,
dirixe para ti ledas muiñeiras.

AUGUSTA E SOLEMNE

MURALLA ROMANA DO VELLO CONVENTUS IURÍDICUS
noutroira sen par fortaleza vixía,
que lonxe quedaron as loitas coas tribos
da anterga Galicia.
Amparo das fortes lexións que no castro
tramaban futuras fazañas guerreiras,
defensa vital da cultura de Lacio
en terras galegas,
ó longo de séculos viches altiva
o paso dos suevos, dos godos, os mouros
os loiros normandos e a gala rapina

dos nosos tesouros.
Aéreo paseo cargado de historia,
anelo que cingues o van da cidade
e gardas lembranzas e vellas memorias
de antigas idades,
ti es testemuño de sacros concilios,
do bispo Odoario, do Santo Froilán
da heroica María Castaña e dos irtos
señores feudais.
Xa formas conxunto coa nosa paisaxe
e no intre dos ventos, tornados e neves
calada resistes os feros embates
augusta e solemne.

REGALÍA DO ESPÍRITO

PARQUE DE LUGO, EVOCADOR DO ANTERGO
castro sagrado onde os bardos druídas
salmodiaban os seus rezos panteístas
Que atalaia sen par de panorámicas!
De panorámicas solemnes, rexias,
enmarcadas por Pena Loira, Couso,
o Veral e o Picato maxestoso,
lindeiros de polícromas paisaxes.
Paisaxes merecentes dun Virxilio
para canta-las agras e restrebas,
os reflexos do sol nas carballeiras,
no Lavadoiro, no Mera e no pai Miño.
No pai Miño que viaxa farturento
e detense en Saamasas para ollar
a ponte nova, os prados de Orbazai,
os barrios de San Lázaro e da Ponte.
Da Ponte, anunciador puntual das festas
da exuberante primavera, vía
romana transitada por milicias
de invasores, labregos e romeiros.
Romeiros peregrinos a Santiago
que, nun breve descanso nas Arieiras,
fican varados ante tal beleza

ó contempla-la esvelta catedral.
Catedral incrustada na cidade,
castro sagrado, balconada aérea
a vixia-las vagoadas e arboredas,
regalía dos ollos e do espírito.

O PAZO DO CONCELLO

DOS LUGUESES ORGULLO, O PAZO DO CONCELLO
acaba de cumprir dous séculos e medio.
Obra de Caaveiro e Fernando de Casas,
xurdiu vizoso e rexo con barroca fachada
na antiga Feira Vella e no solar doado
polo Marqués de Ombreiro, distinguido fidalgo*.
O acolledor salón, a escalinata rexia,
os amplos soportais e a balconada pétrea
son vellos testemuños de acordos relevantes,
de culturais xuntanzas e festas populares.
Os desfiles do Antroido con alegres comparsas,
os reis magos de oriente cargados de esperanzas,
o artificio do fogo nas festas do Patrón
e na Semana Santa as longas procesións
son lembranzas que viven, nos novos e nos vellos,
fundidas coa estrutura do pazo do Concello.
Con aire señorial, un día e outro día,
preside aconteceres da súa amada vila:
as verbenas nocturnas, os concertos da Banda,
as xuntanzas políticas, folclores e charangas,
pícaros a xogar, paseos no Cantón...
De todo canto ocorre é fiel observador.

* Non lle podemos pedir rigor histórico ó que despois de todo son poemas, e así deixamos pasar sen crítica as incertas figuras de Odoario e San Froilán ou as orixes míticas dos Bolaños. Mais aquí, tan cerca do noso tempo e tratándose dunha propiedade pública sagrada, temos que desmentir un mito demasiado repetido en Lugo e afirmar que ningún marqués de Ombreiro doou o soar da Casa do Concello de Lugo. O actual Concello de Lugo fíxose –substituíndo outras Casas do Concello que xa existían alí– entre 1736 e 1738, cando aínda non había acordo do marquesado de San Martín de Hombreiro, título creado por Fernando VII en 1817.

Dende o airoso torreón, no centro da cidade,
tamén olla o que pasa nos barrios e arrabaldes.
Que grande regalía, que orgulloso se sente
en vendo como medran, e o trafego da xente!
O pazo do Concello ten verbas para todos
empregando a linguaxe das horas do reloxo.

O MUÍÑO DA FERVEDOIRA

ESQUECIDO NO FONDO DUNHA REGA,
esborrállase o muíño fariñeiro
tradado pola couza no farneiro,
na buxa, na peneira, na moega.

Xa non se lembra da última fanega
de molaxe trocada en pan albeiro,
nin a frescura sente do regueiro
que á súa beira rápido escorrega.

Non deixa a mesta fraga ve-lo ceo
nin o solpor nin a brillante aurora
e, por veces, ecoa un longo ouveo.

O seu monótono treinar, noutrora,
invitaba a ruar e ó parrafeo.
Que só e abandonado fica agora!

VIVENCIAS LUGUESAS

DOR E LOITO

A BRISA VAI E VÉN

Báteme nas meixelas e nas sens.
Co seu bater agarimoso e mol
puríficame a gorxa e os pulmóns
e anchéaseme o peito agradecido
tras días de calor infindo.
Unha treboada mínima arramplou
coa fogaxe. Duns noivos o tic, toc
resoa nas romboides pedras roxas.
A luz das xeométricas farolas
e o neón que se apaga e acende
proxéctanse nas pozas de auga lene,
nos encaixes de pedra, nos forxados
e nos brancos balcóns acristalados.
O silencio apodérase da noite
ata que o exprés o rompe
co estridente silbato. Uns rapaces
pasan lixeiros. Nótase friaxe
e o reloxo da arcaica catedral
anuncia a primeira hora da mañá.
Torna por uns instantes o silencio;
a luz neón, encaixes pétreos,
a levián aura suave, intermitente,
que purifica o sangue. De repente
unha ambulancia racha a paz
da rúa peatonal
porque namentres esta vive
allea ás inquedanzas, impasible,
nun quinto andar está a morrer
unha meniña. Dan as tres
e encólleseme o peito cando escoito
uns acedos salaios, dor e loito.

MÓNICA

CANTO AGARIMO CHE TIÑAMOS TODOS:

pais, irmás, familiares e veciños.
Que doroso silencio ó redor
do teu anxelical corpo durmido,
perfumado por miles de claveis
e esperanzados rezos do máis íntimo.
Fúcheste moi noviña para o alén
para morar nos eidos dos espíritos;
con nós quedou a inesquecible dor
de ver qué inxusto foi o teu destino,
qué pouco che durou a primavera
e o gozo de vivires entre amigos.
Unha calada procesión de xentes
acompañoute triste e paseniño
moi preto dos atallos que noutrora
tripabas, leda coma un asubío,
para ir á escola, ti tan estudiosa,
coñecedora do pracer dos libros.
No cume do agro láíase a nogueira
e as sebes verten bágoas fío a fío
nestas mañás cinsentas e orballadas,
porque botan de falta o teu sorriso
camiño do colexio coas amigas
e ó voltares ó lar cheo de agarimo.
Tan nova –doce abrils–, qué enteireza
demostraches nos póstumos escritos,
diario dunha intensa curta vida,
exemplo de bondade e sacrificio...
Que non choremos, pides amorosa.
De que xeito podemos conseguilo?

SEMELLA UN SOÑO

AS RÚAS REBORDANTES DE XENTÍO,
folclore, rechamantes vestimentas,
bandas de música e foguetes,
invítannos á festa.

Corpus Christi. Ofrenda
do antigo Reino de Galicia
a Deus sacramentado.
Xornada santa, día de ledicia.
A luz inunda a vella catedral.
Bispos e autoridades, mesturados
co pobo, enrestran cánticos e rezos
–semella un soño– no idioma patrio.
Pasarán doce interminables meses
ata que a antiga capital do Reino
volva a falarlle a Deus con tal franqueza
na lingua dos galegos.

FALSO ESPELLISMO

XULLO-AGOSTO, TEMPADA ESTIVAL,
reencontro do emigrante coa Terra
tras longos meses
de obrigada e dorosa ausencia.
Sol radiante, algarabía
da xente a pasear polas estreitas
e pétreas rúas. Meses de ilusión
e de agasallos, meses de festa
para os lugueses que se reencontran
cos irmáns ó voltaren á Terra.
Se fora para sempre...
Canto espellismo e falsas quimeras!

AMOR ESTIVAL

PRAIA FLUVIAL. O MIÑO, EMBABIOLADO
ó contemplar tanta rapaza,
demórase e ofrécelles
a quentura estival. Nas súas augas,
mornas e agarimosas, as bañistas
entréganse algareiras e confiadas.

NOVOS FEITIZOS

PRIMAVERA OUTONAL, FENTOS DE COBRE
nos lenzos da muralla. Os negrillos
vístense de amarelo. As noites medran
e despreguízanse os primeiros fríos.
O mercado arrecende a mazáns, noces,
castañas abadengas e racimos.
As rúas estalícanse contentas
nun ir e vir de mozos, mozas, libros.
Remataron as festas do Patrón
e a cidade xa ten novos feitizos.

CISMANDO

NOS SERÁNS LARGACÍOS DO VRAN
é un namoro pasear polo adarve
da vetusta muralla e ollar
do pai Miño a vizosa paisaxe,
abeneiros, carballos e prados
que se miran nas augas lascivas
en contacto cos corpos bronceados
de fermosas rapazas garridas.
Na invernía, pasear polo adarve
e palpar a friaxe das neves
do lonxano Caurel e os Ancares
que no longo horizonte se perden,
é tamén unha fonda vivencia
que enraíza na miña lembranza
anceiosa de fúlxidas metas,
de abranguer imposibles, lonxanas.
Circular balconada sen fin,
o vetusto vixía romano
vai e vén sen cansazo e amodo
como un santo petrucio, cismando.

GALICIA É PAISAXE

SEI DE MOITAS PROMESAS E DITOS
incumpridos ó longo dos anos.
Sei de xentes que dan noraboas,
parabéns e saúdos falsarios.
É verdade que triúfa a cobiza
e que existen milleiros de ananos.
Ousadía, desdeixo, intereses,
sangesugas, lambóns, desleigados...
Canto fede na nosa Galicia
dende tempos remotos, lonxanos.
Non me estraña que certos poetas
entretezan lamentos e prantos,
que a denigren e clamen de cote
confundíndoa con tanto fillastro...

O solpor, a calor e os nubeiros,
as devesas, as chairas e os castros,
os picoutos, as veigas e as agras,
as pucharcas e os ledos regatos,
as sen par carballeiras e os soutos,
as saraibas, os tronos e raios...
Esa é a miña Galicia inmortal
noiva e nai rebordante de engados!
Amarelos de xestas e toxos,
verdes fortes, escuros e claros,
cor pizarra, granito e cereixa,
auras frescas, xeadas e orballo...
Regalía da vista e do espírito,
farturentas paisaxes e encantos...
iso é a Terra, a Galicia ancestral
que pretenden zuga-los ananos.

POEMAS DISPERSOS

PELENGRINOS Ó BELÉN DE BEGONTE

I

DEBULLANDO CANTARES

os vieiros de Galicia
acoden a Begonte
choutando de ledicia.

Os ventos do Cordal
e os da Cova da Serpe
repican muiñeiras
e alboradas de neve.

E o Parga despreguízase
pra rezarlle unhos salmos
ó meniño Xesús
nunhas pallas deitado.

II

Pra aledar ó filliño de Deus
os Querubes baixaron do ceo;
as folerpas devalan mainiñas
e rebulda na cova un luceiro.

Pelengrinos da Terra Chairega
–vellos, mozos, os ricos e os probes–
teñen presa por ver ó Ruliño
que naceu no Belén de Begonte.

Os castiros, salgueiros e chopos
arrecenden a incenso e os prados,
sabedores do grande milagre,
estrearon un traxe de orballo.

III

Aterecidos de frío,
arelante o corazón,

nesta noite de Esperanza
acolle a nosa oración.

Debruzados ó teu pé
pedímosche que benzoos
esta coitada Galicia
enloitada, triste e probe.

Que remate a emigración
e as liortas caciquís
e que, todos vencellados,
fagamos un gran País!

*3º Premio do III Concurso Literario
de Begonte, 1980.*

GABANZA DO PORCO

MANTENZA SEN PARELLO EN MÁIS PROVEITOS:

Entrecosto, lacón, raxo, cacheira,
Soá, pernil... forteza milagreira!
Obrigado xantar de nobres peitos!
N'abondan pra cantarche épicos xeitos,
Doce ritmo nen musa gasalleira!
É tal a regalía feiticeira
A que nos téis adoito tan afeitos...
Lambeteiras filloas, chicharróns,
Botelo, rabo, orellas e chourizos,
Enchentes de compangos e frituras,
Rito e consagración... Os corazóns
Tolean co teu cheiro e teus meiguizos,
Ouh porco, pai de esmorgas e farturas!

Accésit e Diploma de Honor do Concurso Literario Nacional de Gastronomía celebrado en Lugo no mes de maio de 1980. É un acróstico: as primeiras letras de cada verso compoñen o nome da entidade convocante.

NEOPLASIA

I

POUCAS HORAS CHE QUEDAN DE FOLGO...

Engurúname o peito somente pensalo!

Non che vale a menciña, meu rulo,

nin a cencia te pode salvar.

Que pecado fixeches,

que ruindade,

pra sufrires no abrente da vida

as angurias

da agonía?

II

Canto engado no riso dun neno!

Mesmo as verbas que empregan as mais

pra falaren cos fillos

–meu chorón, meu tesouro, luceiro,

picariño, ña xoia, meu ben,

galopín, bule-bule, meu cuco,

toleirón, churrusqueiro, meu rei–

son o celme de todas as linguas,

o requinte que agroma

nas vivencias máis puras do peito!

É posíbel que trunfe a podremia

nas fermosas meixelas dun neno?

III

Maldizoado o meigallo

que infestou o teu sangue

e murchou a souril regalía

dises ollos saltós!

Maldizoado o destino, abellón a zugar

no roibén dos teus labres! Malhaxa

isa lurpia noxenta

que sementa arrepíos de MORTE!

1º Premio «MEIGAS E TRASGOS» de Sarria, 1980.

CASTAÑEIRA

OUH MANTENZA ANCESTRAL DA MIÑA TERRA,
froito ricaz do nobre castiñeiro,
vello petrucio, rexo cabaleiro
dos soutos, dos veigales e da serra.

Que celmes gastronómicos encerra
o excelente restrelo ventureiro!
Como estoupa no lume milagreiro
namentres a inverniá funga e berra!

Bullóns, tan doces coma o mel. Mamotes,
compañeiros do leite e do touciño,
recendo das lareiras e dos potes!

Mes de Santos, magosto, novo viño,
troula na mocidade e nos rillotes,
fartos e ledos co xantar diviño...!

2º Premio «MEIGAS E TRASGOS» de Sarria, 1983.

ODA PARA ÁNXEL FOLE

OURIVE DA PALABRA ANTERGA RECOLLIDA
na fraga do Caurel ou nos verdecentes recantos
da Veiguiña. Testemuño
de medos tremebundos do alén
que, na noite inverniza, «á lus do candil»,
se mesturan coas sombras estarrecedoras
da cociña terrea.

Ilustre bardo que escribiches
a epopea inmortal dunha «terra brava»
na que se xunguen en simbiose ancestral
arrepiantes ouveos que entalan o peito,
o ruxir da arroiada treboenta,
o abafante caldo do mes da sega
e o ricaz agromar da farturenta primavera.

Intérprete baril da voz dun pobo
nobre e sinxelo, merecente
do teu verbo xenial!

Lucencio, Eginardo de Tor, Magister Gaudiosus,
Basiliense, Farruco de Caldas, Vicense,
Lucus, Don Fabulón...

Que ventureira restrá de nomes lucidíos
–pólas vizosas do lanzal carballo–
no alter ego de Fole,
arqueólogo da lingua, señor de Basille,
de Romeán e de Córneas, de Quiroga e de Arcos!

Inspirado poeta de harmonías musicais
que deitan do máis íntimo
do teu ser xeneroso e puro
como as augas da verde serra.

Enxebre narrador de «historias que ninguén cre»
adubiadas no cruxol do misterio,
e de «contos da néboa» da Galicia eterna
que levas cravuñada no teu peito nobre!

Ánxel Fole dador de vida, alma e sangue
a tres xeneracións que viven no «cartafolio de Lugo».
Sigue, mestre, a falarnos de etimoloxías,
do primeiro cinema, do Papaovos,
do aviador Garnier, de Xan de Forcados,
do primeiro teléfono,
dos poemas de *Yunque*,
e non esquezas, si señor, o «pauto do demo»
que, xa sabes, na nosa terra ó demo,
polo si ou polo non,
hai que prenderlle o cabo dunha vela!

*3º Premio –Mención Honorífica– «MEIGAS E TRASGOS»
de Sarria, 1984. Publicada no libro «Viaxes con Ánxel Fo-
le», 1988.*

NOITE DE NADAL

O POBO DE BEGONTE, NESTA NOITE SAGRADA,
ós pés do Neno Dios, exulta de esperanza.

O vento cruza as fragas asubiando cantigas
e o Ladra nos caneiros ensaia panxoliñas.
A néboa desfiáñase e vai en procesión
por estradas e corgas deica o berce de Dios.
Milagreiras mapoulas e roibos estraloques
arrecenden pró Rulo os aromas máis doces
e a lúa e as estrelas, que reloce na chaira,
tecen feixes de nácar, zafiros e esmeraldas.

O pobo de Begonte, nesta noite sagrada,
ós pés do Neno Dios, exulta de esperanza.

Namentres en Begonte, como en Belén noutrora,
os fieles cren na paz e de gozo reloucan,
o mundo, adoecido por guerras e liortas,
semella un suicida cavando a propia fosa.
Que en troques de atender á divina mensaxe
que anuncia o Dios Meniño –Amor, Paz, Irmandade–
o sangue empapa a terra e a técnica confunde
os vezos animais con Bondade e Virtude.

O pobo de Begonte, nesta noite sagrada,
ós pés do Neno Dios, exulta de esperanza.

*1º Premio do Certame Literario PREMIO BEGONTE
DE POESÍA, 1985.*

A BATALLA DO INCIO

NA TERRA IRMÁ DO CAUREL,
nos torreóns isolados
do castelo de Carbedo,
o Príncipe asturiano
recibe a nova da morte

do usurpador Mauregato
e o baril fillo de Froila
retorna aos seus lares patrios;
que a viúva reina Adosinda
anceia velo coroado
e o rei Bermudo Primeiro
trocou xa os talares hábitos
por armaduras guerreiras,
lanzas, helmos e vasalos,
pra desinzar os camiños
do futuro rei dos cántabros.

Compangando artes de guerra
co estudo de libros sagros
enclaustrouse Afonso en Mieres
durante dous longos anos
e cando o pío Bermudo,
cumpridos os seus degaros,
rebordante de ledicia
volve ao retiro monástico,
os combatentes afoutos
e o nobre pobo cantábrico
aclaman o novo rei
Afonso Segundo o Casto,
que vence ao Abd-ar-Rahmán
e, sen vagar nen descanso,
avanza na reconquista
dos territorios cristianos.

Tras da batalla de Oviedo
as hostes do califato
son derrotadas en Lutos
polo guieiro soberano
que chega a terras luguesas
e, na Catedral prostrado,
implora a Deus que abenzoe
aos destemidos galaicos.

Nas vizosas veigas do Incio,
nos picoutos de alabastro,
a carón das fontes férreas,

nos máis extremos recantos,
os fonchos fillos de Mahoma
queiman, matan, fan estrago.

—A Media Lúa en Moroso,
na veiga o Sino Cristiano;
as choias arrevoaban
agoirando malos fados—

Oitocentos vinte e tres...
Na súa atalaia, ufanos,
Mahumud e os sarracenos
cóidanse fortes e a salvo;
pero as mesnadas de Afonso
non temen pragas nen raios
e encetan a dura loita
contra o invasor mahometano.

Enxurrada de guerreiros,
troupeleo de cabalos,
os anceiosos galaicos,
valentes e afervoados,
baten con lanzas de ferro
nos infieles africanos.
Inzase o ceo de frechas
e as espadas de milagro,
forxadas na Ferreiría,
tínguense de sangue islámico
sementando de cadavres
a fortaleza do Castro.
Na Pena dos Cabaleiros
e no mosteiro de Samos,
nas serras altas e bravas,
nas devesas e nos agros,
nas veigas do río Cabe
e nas vagoadas do Mao
ecoan os aturuxos
dos vitoriosos cristianos.
Namentres, o rei Afonso,
cos abades e vasallos,
reza unha oración de gracias
ao Apóstol Señor Sant-Iago.

MORREU UN COMPAÑEIRO

*Un día ou outro, moi cedo,
outro galo cantará!*

LORENZO VARELA

I

ADIVIÑÁBASE O FINAL DRAMÁTICO
tras longos anos de interminable loita
para manter un posto no que deches,
cada xornada, o mellor que tiñas:
xuventude, ilusión e rendemento.

De que valeron tantos regos de sudas?
Pra que che serviu queimares
os folgos traballando sen acougo?

Namentres te explotaban
quen che falou de viabilidade,
de obxectivos rentables ou económicos?

Zugáronte e pagáronche soldos mínimos
durante décadas.

Amorearon fortunas no estranxeiro
gracias a ti
e, agora, falan de reconversión,
de cartas de despido, de excedentes,
de prexubilacións, de fondos
de promoción de emprego,
e roénche os miolos a cotío
para explicarche a crise,
os custos, a inflación,
a falta de recursos económicos
e que o problema é mundial...

II

Igual cás máquinas, es obsoleto,
por iso che rescinden o contrato
e anotan o teu nome
na interminable lista de parados,

pero, iso si, non desesperes. Podes manifestarte polas túas pacificamente cos puños pechos e berrando a coro con cen mil compañeiros.

Tódalas forzas vivas concordan que tes razón cando reclamas traballo e liberdade de expresión: «Debes pedir xustiza –din para máis sorna– e esixir que se cumpra a Lei que garantiza os teus dereitos.»

III

Namentres os teus fillos langreaban e vías afundirse o teu fogar un día e outro día, deuche bascas a sociedade que nos abura e preferiches morrer, Cándido Otero, compañeiro, fillo dun pobo malfadado que, en troques de empuñar fulxente espada forxada na conciencia nacional, abaixa a testa e déixase castrar.

Publicado en DORNA nº 9.

MOURA UTOPIÁ

ENGADO DE VIVIR, LUZ, COR, VIRTUDE,
riso engaiolador dos picariños,
premios, futuro, arrecendentes viños,
afervoamento, ilusión, saúde,

algareiros rapaces, multitude
de turistas nas praias, aloumiños
de amor, ledos paxaros en remuíños,
celestial música de grave laúde...

Spellismos ilusos no deserto!

Alancar en procura do pracer,
anceiar imposibles atalaias...

...todo é moura utopía e nada é certo
inda que nos sintamos renacer
e nos enfeiten pérolas e alfaias!

No meu corazón fixo estrago a Morte,
esa realidade que a cotío,
como espantallo mouro e fuxidío,
de aquí para acolá, sen fixo norte,

anda á pillota e chúfase de forte.
De acedume eterno manantío,
sen acougo, famenta, fío a fío,
novos e vellos trata de igual sorte.

Ata nos fai engaiolar coa ciencia
para a risa facer de todos nós
porque é traidora, cínica e ruín.

Mentres teñamos lúcida conciencia
–matou ó noso pai, deixounos sós–
habémoslle botar pragas sen fin!

Sonetos publicado en «VOCES POÉTICAS DEL 87».

XOGADE, POMBIÑOS GARULEIROS

NON CANSEDES DE XOGAR,
seguide, destemidos cabaleiros
enriba da vasoira,
galopando en procura de fantásticas
vitorias e trofeos.
Xogade ó taborete, a pillar,
á pita cega, á billarda,
ós marcos e á estaca,
a quen máis corra
e resalve máis sebes.

(Ti que estás no taborete,
que comiche?
–Pan rolete.
–Darasme un pouco del?
–Darei, darei. Sube ti, que eu baixarei.)

Da natureza disfrutade ás cheas,
enchede os peitos de saúde
e que as vosas meixelas
semellen o roibén dun sol noviño.
O mundo é voso. Sodes merecentes
de tódolos engados
que enfeitán o universo
–luz, amor, vida, forza, poesía–
porque tedes sinxelos sentimentos
e o voso corazón é nobre.
Libres de anceios porcallentos,
ignorades o fraude e a cobiza
dos maiores, que están a esborrallarse
e son quen de matar,
de facer traizón ós irmáns
–afán de mando, guerras, polución–
porque se coidan deuses inmortais
domeadores da materia.

Xogade, pombiños garuleiros,
coas escumas do mar.
Barullade nos parques das cidades,
ceibade gargalladas e aturulos
nas aldeas da nosa Terra,
berrando polo amigo.
Que os homes vexan
que a irmandade e o amor
aínda existen!

(Ti que estás no taburete,
comiche pan de coxete?
–Eu comín, comín e ti rabeas
por il.)

Déspotas e tiránicos,
tal robots teledirixidos

por líderes de barro,
refugan as olladas garimosas,
mófanse da inocencia
e dos peitos afoutos.
Son egoístas
e o peor, sabedes?
son almas mortas, secas, sen miolo,
mergulladas na lama,
que gozan fozando na carniza.
Vós tedes o futuro nas mans.
Vós sodes a semente
que froitificará
nun porvir ventureiro.
Xogade,
e que as vosas meixelas
agoiren o anceiado triunfo
do amor!

Publicado en «VOCES POÉTICAS DEL 87».

O GRUPO «SAUDADE» NA OKTOBERFEST

OS GAITEIROS DE «SAUDADE»
viaxaron a Alemania
invitados pola Peña
pra dar concertos de gaita.

Bos maridos e bos pais,
mozos e mozas sen tacha,
levaron nenos e donas
pra que con eles gozaran
do turismo e bon xantar
que a Peña amiga brindaba.

Astra os máis pequerrechiños
–Cristina, Olivert, Susana–
trouleaban, decontado,
por viaxar a terra estraña
e nun bus da nosa Terra,

con provisións de empanada,
queixo, feixós e xamón,
deu comenzo a longa marcha.

O Ricardo cos seus contos,
Jordi e Carlos con trasnadas,
Casanova e Mari Fe
e a leda Ofelia louqueaban
o mesmo que Eduardo e Xosé
por competir coa gaita.

Xosé, Paco, Lagarón,
Ferro e Manuel apuraban
ós chofers Pepe e Corbacho
que, máis ca correr, voaban.

Sabel e as Maris do Carme
sentían brincar os pés
porque fora de programa,
puntearían unhas danzas
pra esborrallar en Munich
o mito de OLE, ESPAÑA!

Dositeo, Alonso, Xulio
e Rancaño aseguraban:
ista viaxe é cultural,
adiante Escola de Gaitas!

Cos bandullos esgotados,
«SAUDADE» desesperaba
agarda que agardarás
perto da Cidade Bávara
pero ó fin, o anfitrión
chegou e berrou con mágoa:

«Chegastes tarde. O xantar
perdeuse. Verei que faga!
Pra vós xa teño pousada!
Aprendemos coa olimpíada
que a concentración é sana.
Amigos, donas e nenos
terán pensión axeitada!»

As mulleres non comprenden
a inesperada argallada:
privalas dos seus maridos
pra afinar mellor as gaitas!

Certame no Circus Krone,
éxito na cabalgata,
os gaiteiros conseguiron
aledar ás xentes bávaras
e astra as nosas danzarinas,
rebordantes de arte e gracia,
demostraron que a muñeira
prende faíscas nas almas.

Separacións, sacrificios
e cousas mal compangadas;
pero os peitos orgullosos
porque a ESCOLA DE GAITAS
levou con honor a Munich
un anaquiño de Patria!

IMOS QUEIMAR ESTE MECO

O SANTO ENTROIDO CHEGOU - NOVAMENTE Ó MEU PAÍS,
boa falta xa facía - pra pórmos ante o Xuíz
os infindos demos-cráticos - que parolan sen fin
en xuntanzas e coloquios - tras xantares de postín.

Imos queimar este MECO - que os representa hoxe aquí.

Madamitos, Cigarróns, - e Choriquieros saltaríns;
esfarrapadas comparsas - de Cotobade ou Verín;
de toda Galicia, oh máscaras! - chegou o intre feliz
de, amparados pola Lei, - toda a verdade dicir.

Os políticos idearon - grandes torres de marfín
para abraiarnos a todos - e darnos leis a seguir.
Soben, baixan, medran, caen, - vanse e tórnanse a xunguir...
Cando están fóra do mando - argallan promesas mil,
cando chegan ó poleiro... - Quen es, que nunca te vin?

Cada vez máis pobre o pobo... - eles, esmorgas sen fin;
apartamentos, chalés, - cortesanas manequíns;
están podres de millóns, - todo é rosas e xasmíns.

Esqueceron as promesas - dos afervoados mitíns.

Borrallo, formigas lobas - e cichotes de purín;
sarrío e foles de farelo - temos, MECO, para ti.
Ímoste queimar, larpeiro, - non o podes prohibir,
porque a deusa celta Hertha, - coma Dionysos xentil,
abriulle os ollos ó pobo - farto xa de vos oír.

Tanto ten que te enrabeches, - que digas que non ou si;
xa non cremos nos políticos - que representas servil.
Non pretendas con orellas - esfragar o meu país
nin nos queiras trabucar - con amaños de dou-din.

Gran choiada esa «carreira» - que inventaches incivil
para a tarta do poder - entre siglas repartir.
Tanta encheira pasaxeira - para nada che serviu
por iso vas arder hoxe - por mandato do Xuíz.

WURU SEE, VERBO XERMÁNICO
antiquísimo nome
que nos levas a tempos
remados na historia.

Lagoa de augas quentes
Wuru See.

Inspira o meu cantar.
Préstalle folgos
pra facer un poema
digno de ti.

No meu corazón prende
a fogueira sagra dos vates
pra que acerte a tanguer
as cordas dos feitos gloriosos

e das lembranzas
que ó longo dos séculos
xurdiron no teu pobo.

Lagoa de augas quentes
Wuru See!

POEMAS ADOLESCENTES

A familia de Manuel Rodríguez López conserva amorosamente dous cadernos con poemas que escribiu en 1950, cando tiña quince anos e estudaba no seminario de Tiana, preto de Mataró. Están escritos ó principio en castelán e en catalán, e inmediatamente en galego. Xa adulto, Manuel nunca pensou en publicar aqueles versos, pero os seus editores póstumos non queren resistir a tentación de ofrecer ó público unha brevísima escolma, en homenaxe fervoroso a aquel raparigo que, lonxe da Terra, reinventaba el só a literatura galega sen contacto ningún cos escritores vellos e novos que en Galicia empezaban a facer o mesmo naqueles anos terribles.

A GALICIA

TERRA BOA A QUEN DEIXEI
Lonxe, mui lonxe de min,
Pero que non olvidei
Porque é no mellor xardín
Que na vida conocín.

Que fermosa é aquela terra
Cas súas rías e prados,
E que fermosura encerra
Nos terreus amarelados
Por moitos, moitos arados.

Felices días aquiles
Das festas e romerías.
Nunca os pasei coma iles,
Nunca coma aquiles días
Eu pasarei outros días.

Elí deixei miñas primas,
Entre elas a Maruxiña,
E aqueles saudables crimas
Que poñen rubia a cariña
Coma a cresta da galiña.

Adiós Galicia querida,
Adiós gaitas e muiñeiras,
Adiós terra escrarecida,
Adiós belidas ribeiras,
Adiós, adiós, carballeiras.

Adiós meu querido lar,
Adiós miña mamaciña,
Adiós mozos do lugar,
Adiós, adiós terra miña,
Adiós, adiós, hasta axiña.

Tiana, 8-9-1950

MIÑA TERRA

QUE FERMOZA É MIÑA TERRA
Cos seus prados e montañas,
E que bonitos os sotos
Xa cargados de castañas.

Ora chegan os magostos
E alí, xunto das lareiras,
Vellos, mozos e mociñas
Cantarán ledas muiñeiras.

Máis tarde un carnaval
e as matanzas chegarán,
e eu estarei en Barcelona
Nun aburrido serán.)

Cando podrei xa chegar
Á miña terriña querida
Pra seus aires respirar
No que me resta de vida?

14-9-50

QUIXERA SABER VOAR
Coma os paxariños
Pra poder chegar
Moi pronto ó meu lugar.

16-9-50

MIÑA POMBA DONDE ESTÁS?
Dime, dime, queridiña,
Niste momento, que fas?

16-9-50

EPÍLOGO

MANUEL O. RODRÍGUEZ LÓPEZ: UN HOME BO E XENEROSO

O poeta de Paradela (Lugo), Manuel Oreste Rodríguez López (1934/1990) pertence á caste e cerne dos que, ao través da longa e fermosa historia de Galiza, se decidiron a amar, a fondo perdido, á súa Terra/Mai e á súa Xente sinxela, traballadora e, demasiadas veces, tamén marxitada. Por dereito propio, Manolo ascendeu ó parnaso dos elixidos, dos que souberon estar á escoita constante das ilusións, alegrías e angustias do seu Pobo e acertaron co xeito de ollar e de amosar os camiños que levan á liberdade e á paz, sendo quen de manter forte e firme a esperanza. Coas armas pacíficas da poesía e da vida! Sen facer moito barullo. O lembrado poeta de Paradela, na segunda metade do século XX, soubo fiar e xunguir, a perfección e coa súa coherencia de vida, unha solemne sinfonía portadora dunha mensaxe de lucidez ante as loitas e inquedanzas de futuro das que nos falara, noutrora, o poeta/autor da letra do himno oficial de Galiza, D. Eduardo Pondal. “Os novos tempos van chegando” aínda que sexa a modiño. Grazas ao traballo e o esforzo dos novos poetas que veñen a ser os profetas do noso tempo.

Considero un privilexio ter a honra de pechar a primeira edición da publicación das *Obras Completas de Poesía* do amigo Manuel O. Rodríguez López, o Poeta de Paradela. Era un deber, unha obriga e unha necesidade urxente reunir nun só tomo, a obra poética enteira do noso poeta. Non resultaba doado medir e valorala por separado. Esta boa nova, foi posible grazas á unión e esforzos de varias persoas e amigos do poeta e da familia. Subliñamos as que seguen: o minucioso e inconmensurable traballo de Darío Xohán Cabana, poeta, investigador, escritor e membro numerario da Real Academia Galega; a incansable loita da propia familia; a eficaz colaboración económica do Concello de Paradela e outras Institucións; o traballo do grupo de amigos que crearon e seguen a dar vida ao Certame de Poesía e Narrativa que leva o seu nome; e á Casa Editora Edicións Espiral Maior, responsable desta fermosa primeira edición.

Chega no momento oportuno. Canda o Ano Xacobeo no que está previsto celebrar varias actividades relacionadas coa vida/obra do poeta. No ano Santo Compostelán 2010 hanse

conmemorar, entre outras xornadas, os vinte anos do seu pasamento (1990), os corenta e dous da publicación dun dos libros máis humano e achegado á Terra (*“Poemas populares galegos”* 1968), os dez da súa primeira biografía (*“Vida e Obra de Manuel Rodríguez López -2000”*) de Manuel Blanco Castro e a se cumprir a *“XVª edición do Certame de Poesía e Narrativa, M. O. Rodríguez López,(1995-2010)”* Unha longa e rica serie de celebracións que dan a benvida á chegada desta ben editada publicación das *Obras Completas de Poesía*. A lembranza, o alento e o espírito do Poeta de Paradela seguen vivos e presentes nos seus amigos e admiradores.

Despois de ler esta ben traballada obra, co limiar incluído de Darío, son innecesarios outros engadidos en canto á calidade e riqueza da obra en si mesma, da súa parte técnica e da distribución dos poemas. Darío Xohán Cabana facilitounos un bo caxato e regalounos tamén unha clarificadora lámpada para comprender mellor a fondura da obra, do pensamento, sentimentos, vivencias e mensaxes do poeta. Segundo os amigos que o coñecemos algo mellor estamos ante un poeta que non só foi galego na súa Terra senón que tamén exerceu como tal na súa longa estadía na emigración. Na súa infancia, mamou País na Terra (Galiza) e fíxose adulto e poeta maduro en Terra allea (Catalunya) que o acolleu, con agarimo.

Tamén lle axudou a comprender a riqueza e fermosura que tivera que deixar atrás, con moito pesar. Amou moito, e de verdade, a ámbalas dúas súas benqueridas patrias. Esa teima reloce, a cotío, na súa obra. Nótaselle, en demasía. O poeta sabe do que fala cando escribe. Tíñaio mamado, vivido, padecido.... e por iso tamén asimilado! Merece ser coñecido e lido por todos os galegos e galegas do presente e do futuro. Medrará en estima e amor á súa Terra/Nai.

Unha vida a rebordar de sensibilidade e chea de humanidade. Por riba de todo, sobresa a súa grandeza e calidade humanas. Deixóunolo dito, Darío no prólogo do derradeiro libro (*“Onte e Hoxe Vivencial”*1995) ao dicir: *“Na nosa memoria acouga a súa lembranza e o seu espírito está nos libros que deixou, e sobre todo, neste que garda o seu derradeiro alento lírico”* Tamén o profesor Xesús Alonso Montero, non dado a regalar loanzas, afirmou: *“o seu é a aldea... Sería un bo cura porque é un bo home solidario... unha fasquía de señor abade cheo de vello latín, de ledicia e de bondade”* (Prólogo *“Reencontro coa*

aldea” 1983) Semellantes loanzas abundan tanto no referente á súa profunda poesía como na calidade e categoría humanas do poeta. Sobre a súa preocupación pola xustiza social quedan os seus fortes e potentes berros contra as inxustizas, marxinacións e explotacións humanas, nos poemas de “*Soldada mínima*” (1979) “*Saudade no bulleiro* (1970) e en “*Galegos en Catalunya I-II*” (1983/85) Toda a súa obra publicada (e sen publicar) está adobada dun inmenso e universal humanismo e dunha infinda manchea de solidariedade. Persoa e vida reflectidas en todas as súas obras. Falan soias. Son inseparables da súa vida de entrega. Tal como foi a súa vida, así se amosa a súa escrita. Tanto nos poemas como na prosa. (Prosa que, si dan unha volta por ela, notarán que tamén leva dentro alento, acento e un ritmo poético/musical abondoso)

Para rematar e de colleita propia só subliñar que coñecín a Manolo na etapa de estudantes, ao comezo da década dos anos 50. Ámbolos dous, seminaristas. El, desterrado da súa Terra, en Barcelona; eu, en Lugo. Seguimos tratándonos con máis intensidade nos últimos seus vinte anos. Os da madurez (1970/1990) Foi unha gozada e unha regalía a súa compañía e a da súa familia. Sobre todo cando regresaron a Galiza para residir na cidade de Lugo. Do ano 1980 ao 1990. Compartimos moita vida. Na cidade e en moitas das comarcas da Provincia de Lugo..

Velaí a visión que gardo do poeta de Paradela. Como persoa e amigo. Compártoa, con gozo, cos lectores e lectoras deste Libro, cheo de vida e de feitos. Só unha sinxelas pinceladas que definen ao personaxe/poeta. Para que o coñezan e comprendan mellor. Destaco, case de xeito telegráfico, os valores que reinaron na súa ben aproveitada vida: Un home sinxelo, do rural, sincero, humilde, ceibe, aberto, acolledor, coherente, valente, sempre co sorriso nos beizos, a ollada clara, aberta e directa; de entrada aberta e de diálogo fácil; acolledor; traballador e ordenado no seu traballo, tanto no profesional como no artístico; bo conversador e mellor observador; optimista ante a vida; gustaba da conversa, sen présas, repousada; gozaba cos nenos e cos vellos; entendíase de marabilla coa xente da aldea; brindaba proximidade e confianza; de gran sensibilidade humana, social e relixiosa; tiña moi clara a idea de que para ser cristián é necesario ser primeiro boa persoa; gozaba cos detalles; vocación de escoita e de interese polos problemas alleos; doíase dos pobres e marxinados. Foi un home sabio e sabido; coa ciencia dos

sabios/sabios e dos do adro/agro! Perante varias décadas, embaixador dos galegos en Barcelona e dos cataláns en Galiza. Moitos deses valores fóronlle recoñecidos en público, sendo agasallado como “Fillo Predilecto de Paradela” (alí descansan os seus restos) e como “Lucense do Ano”, pola A.RTV de Lugo. Pola riqueza da súa vida, a calidade da súa obra e o seu amor á Terra (Galiza) merece ser nomeado como “un home bo e xeneroso!”

Así lembramos os que o coñecemos e compartimos anacos da súa vida. O mesmo van recordar os que o descubran na súa obra. Que todos gocemos da vida que latexa dentro dos versos que abundan neste rico e fermoso Libro.

XESÚS MATO, seu amigo e veciño

ÍNDICE

POEMAS POPULARES GALEGOS

Xaniño, 17

I. O CRIADO NAMORADO

Unha noite de luar, 21

II. INTRES ESPACIADOS

Cal neno soio no mundo, 43

Un paxariño, 43

Quixérate xunto a min, 44

Na noite pecha, 44

No meu corazón arde, 44

Teño envexa da fontela, 45

Sábete rapaza, 45

Quixera saber voar, 45

Na Bugalla conocín, 45

O sol xa adormecía, 46

Ten conta, 46

Os paxaros debullan, 47

Tantán, 47

Que verde e garimosa a terra miña, 48

Calade axiña, 49

Que ten o meniño, 49

Como unha muxica acesa, 50

Ruaron os anos, 51

Onte vin un velliño, 51

Pra darlle a despedida, 52

Que fermosa a miña Patria, 53

Verde Galicia, 53

Relembanzas de Galicia, 54

Sempre recordarei a noite aquela, 54

Xa chegan as mallas, 55

Alonxado das túas ribeiras, 57

III. LEMBRANZAS ANTERGAS

GALICIA, 61

PARADELA, 61

A CRUÑA, 62

LUGO, 62
OURENSE, 63
PONTEVEDRA, 63
SANTIAGO DE COMPOSTELA, 64
TUY, 64
VIGO, 65
MONDOÑEDO, 65
MONFORTE DE LEMOS, 66
BETANZOS, 66
CIDÁ DO FERROL, 67
CATALUNYA, 67

IV. ACEDUMES E MÁGOAS

Moitos anos pasaron, 71
Do Vietnam, 71
O sol queima os camiños, 73
Eu comprendo que xure o labrego, 75
Onde están os teus fillos?, 76
Castrapo, 77
Arrenga con forza, 79
Vai sendo hora, 81
Tamén o río do meu corpo, 82
Atopeite moi lonxe do nativo lugar, 83
Iste é o froito agromado no bosco, 85

SOLDADA MÍNIMA

LIMIAR, Basilio Losada, 91

PREGO

CANTIGA Ó CARBALLO, 95

XUSTIFICACIÓN DA LINGUA

TI ES ETERNO, 99

O XAN DO PLURIEMPREGO

OBROUSE O MILAGRE, 103
ESPELLISMO, 103
PROGRESO?, 104
NA RÚA, 104
PÓLIZA DE ACCIDENTES, 104
O VELLO OBREIRO, 105
HUMILDOSOS CADELIÑOS, 107

RENTABRES DIVIDENDOS, 107
ES UN REFUGALLO, 108
CONTRATO, 108
EXPEDIENTE DE CRISIS, 109
O LACAIO, 111
OS DÍAS DA SEMANA, 112
CUMPRE COAS OBRIGAS, 113
O XAN DO PLURIEMPREGO, 114
NEGAREIME, 114
NADAL: UNHA ESPERANZA, 115
SÓ SE LAIAN OS PARVOS, 117
VESTIDA DE ALDRAXE, 117
LOITO NA DIÁSPORA, 118
A EMIGRANTE, 119
BOTO DE FALLA O TERRÓN, 121

ANO INTERNACIONAL DO NENO
ONDE ATOPAR A POESÍA?, 125

IN MEMORIAM

NA MORTE DO MECENAS, 129
A CHÉ GUEVARA MORTO, 129
NO 25 ANIVERSARIO DE CASTELAO, 130
ORACION Á BEIRA DO ORBIGO, 130

SAUDADE NO BULLEIRO

LIMIAR, Roger Canicio, 135

ADRO

Sinto a nenez lonxana, 139

A TERRA É UN CRUCEIRO

PREGO, 143
ESTORIAS DO CRUCEIRO, 145

DIÁSPORA

CANTIGA DE ESCARNIO DO MAR, 151
Ouh Galicia do alén que te esqueces, 152
As lúas espreitan de noite, 153
GOZOS DA VIRXE DO CARMELO, 154

O BULLEIRO DA CIDÁ

Cidá, xigante cimiterio, 159

NOVAS DOCTRINAS-NOVOS DEUSES, 160

Unhos intres na area diante os cornos dun touro, 163

MENIÑO NEGRO, 164

Fume, bombas, canós, 165

Nos ceos revoan os corvos, 165

Dicen que aluma o sol, 166

Seica hai persoas, 166

Que brincos de ledicia, 167

A COROA QUE ESMAGA, 167

Es un cabalo vello, 169

EPÍLOGO

Por hoxe déixote, 173

ONTE E HOXE VIVENCIAL

LIMIAR Darío Xohán Cabana, 177

XUSTIFICACIÓN

QUERO SER CEIBE, 181

LUCUS AUGUSTI, 181

NO SUBSTRATO DOS TEMPOS

O ESPÍRITO DAS CITANIAS, 185

CANTAR DE CEGO, 186

MUZA E ALMANZOR EN LUGO, 187

XUSTIZA POPULAR, 188

FALSA VISIÓN, 189

VIRXE DOS OLLOS GRANDES, 190

SAN FROILÁN, 191

SAN ROQUE, 192

AUGUSTA E SOLEMNE, 192

REGALÍA DO ESPÍRITO, 193

O PAZO DO CONCELLO, 194

O MUÍÑO DA FERVEDOIRA, 195

VIVENCIAS LUGUESAS

DOR E LOITO, 199

MÓNICA, 200

SEMELLA UN SOÑO, 200

FALSO ESPELLISMO, 201
AMOR ESTIVAL, 201
NOVOS FEITIZOS, 202
CISMANDO, 202
GALICIA É PAISAXE, 203

POEMAS DISPERSOS

PELEGRINOS Ó BELÉN DE BEGONTE, 207
GABANZA DO PORCO, 208
NEOPLASIA, 209
CASTAÑEIRA, 210
ODA PARA ÁNXEL FOLE, 210
NOITE DE NADAL, 212
A BATALLA DO INCIO, 212
MORREU UN COMPAÑEIRO, 215
MOURA UTOPIÁ, 216
XOGADE, POMBIÑOS GARULEIROS, 217
O GRUPO «SAUDADE» NA OKTOBERFEST, 219
IMOS QUEIMAR ESTE MECO, 221
Wuru See, 222

POEMAS ADOLESCENTES

A GALICIA, 229
MIÑA TERRA, 230
Quixera saber voar, 230
Miña pomba donde estás?, 230

EPÍLOGO

MANUEL O. RODRÍGUEZ LÓPEZ: UN HOME BO
E XENEROSO, Xesús Mato, 233

POESÍA COMPLETA
de Manuel Rodríguez López
acabou de se imprimir
o día 11 de Decembro de 2009
no prelo de
Gráficas Lasa S. L.

